

**El lenguaje
en la Educación
Preescolar
y Ciclo
Preparatorio
Gallego-Castellano**



**Estudios
y experiencias
educativas
serie Preescolar
N.º 7**

**EL LENGUAJE
EN LA EDUCACION PREESCOLAR
Y CICLO PREPARATORIO
(1.º Y 2.º DE E. G. B.)**

GALLEGO - CASTELLANO

Colección ESTUDIOS Y EXPERIENCIAS EDUCATIVAS

Esta colección está dirigida por la Dirección General de Educación Básica y en ella colaboran profesores de E. G. B. y especialistas en las distintas áreas.

Serie PREESCOLAR

- N.º 1. La Matemática en la Educación Preescolar y 1.º y 2.º de E. G. B.
- N.º 2. La Educación plástica en Preescolar y 1.º y 2.º de E. G. B.
- N.º 3. La expresión dinámica: Educación psicomotriz. Educación musical.
- N.º 4. El Lenguaje en la Educación Preescolar y Ciclo Preparatorio (1.º y 2.º de E. G. B.).
- N.º 5. El Lenguaje en la Educación Preescolar y Ciclo Preparatorio (1.º y 2.º de E. G. B.). Catalán-castellano.
- N.º 6. El Lenguaje en la Educación Preescolar y Ciclo Preparatorio (1.º y 2.º de E. G. B.). Euskara-castellano.
- N.º 7. El Lenguaje en la Educación Preescolar y Ciclo Preparatorio (1.º y 2.º de E. G. B.). Gallego-castellano.

En preparación:

Desarrollo psicológico del niño de 5 a 8 años.

Serie E. G. B.

- N.º 1. La enseñanza de las ciencias y sus relaciones interdisciplinarias en la 2.ª etapa de E. G. B.
- N.º 2. La enseñanza de la lengua inglesa en E. G. B.

En preparación:

Didáctica del Inglés, II.
Didáctica de las Ciencias.
Programas Sociales.

ESTUDIOS Y EXPERIENCIAS EDUCATIVAS

Serie: PREESCOLAR

NUMERO 7

EL LENGUAJE EN LA EDUCACION PREESCOLAR Y CICLO PREPARATORIO (1.º Y 2.º DE E. G. B.)

GALLEGO - CASTELLANO

Aportación del Ministerio de Educación y Ciencia al Año Internacional del Niño



MINISTERIO DE EDUCACION Y CIENCIA

Dirección General de Educación Básica

1 9 7 9

Coordinan la serie: Servicio de Planes de Estudio y Orientación y Gabinete de Educación Preescolar de la Subdirección General de Ordenación Educativa.

Equipo de Trabajo:

Xavier Alvarez Iglesias.
M.ª del Carmen Enríquez Salido.
Joaquina Gallego Jorreto.
Manuela Garrido Martínez.
Antonia Marbán Vázquez.

Coordinadora del Equipo de Trabajo:

Joaquina Gallego Jorreto.

Edita: Servicio de Publicaciones del Ministerio de Educación y Ciencia.

Imprime: Sucesores de Rivadeneyra, S. A.—P.º Onésimo Redondo, 26. Madrid-8.
ISBN: 84-369-0668-3 - Depósito legal: M. 3.716 - 1979.

Impreso en España.

INDICE

Parte I		<u>Páxinas</u>
ORIENTACIÓNS PRÓ ENSINO DO GALEGO NOS NIVEIS DE PREESCOLAR, PRIMEIRO E SEGUNDO DE E. X. B.		9
1.	LIMIAR	11
2.	OBXETIVOS	13
2.1.	Comprensión e mais expresión oral	15
2.2.	Comprensión e mais expresión lectora	16
2.3.	Expresión escrita	17
3.	ELEMENTOS E MAIS ESTRUTURAS LINGÜÍSTICAS BÁSICAS	19
3.1.	Nivel fonolóxico	23
3.2.	Nivel morfosintáctico	25
3.3.	Nivel semántico	43
4.	ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS	47
5.	ENSINO/APRENDIZAXE DA LECTURA E DA ESCRITURA	55
6.	ACTIVIDADES	61
6.1.	Presupostos	63
6.2.	Actividades de iniciación	70
6.3.	Análises de textos a nivel oral e/ou escrito	86
6.4.	Unidades didácticas globalizadas	92
ANEXOS		
I.	Caracterización da lingua galega	107
II.	Escolma de textos	113
III.	Bibliografía	121

Parte II		<u>Páxinas</u>
ORIENTACIONES PARA LA ENSEÑANZA DEL GALLEGO EN LOS NIVELES DE PREESCOLAR, PRIMERO Y SEGUNDO DE E. G. B.		123
1.	INTRODUCCION	125
2.	OBJETIVOS	127
2.1.	Comprensión y expresión oral	129
2.2.	Comprensión y expresión lectora	130
2.3.	Expresión escrita	131

3. ELEMENTOS Y ESTRUCTURAS LINGÜÍSTICAS BÁSICAS	133
3.1. Nivel fonológico	137
3.2. Nivel morfosintáctico	139
3.3. Nivel semántico	157
4. ORIENTACIONES METODOLÓGICAS	161
5. ENSEÑANZA/APRENDIZAJE DE LA LECTURA Y ESCRITURA	169
6. ACTIVIDADES	175
6.1. Presupuestos	177
6.2. Actividades de iniciación	184
6.3. Análisis de textos a nivel oral y/o escrito	200
6.4. Unidades didácticas globalizadas	206
 ANEXOS	
I. Caracterización de la lengua gallega	221
II. Selección de textos	227
III. Bibliografía	235

PARTE I

**ORIENTACIÓNS PRÓ ENSINO DO GALEGO
NOS NIVEIS DE PREESCOLAR, PRIMEIRO
E SEGUNDO DE E. X. B.**

1. LIMIAR

Prá elaboración deste documento de traballo pátense da situación sociolingüística de Galicia, onde, por existir dúas linguas en contacto, é difícil precisa-los límites entre bilingüismo, falso bilingüismo, monolingüismo e/ou diglosia.

Dada a diversidade respecto a niveis de competencia e actuación lingüística dos alumnos, xa que nunha mesma clase se producen situacións diferentes polo que respecta ó coñecemento do idioma galego, creuse conveniente estruturalo con carácter global pra Preescolar, Primeiro e Segundo cursos de E. X. B.; por elo, deben considerarse estas orientacións con gran flexibilidade pra as adaptar ás características concretas de cada realidade escolar.

De acordo con este criterio preséntanse:

OBXETIVOS, xerais e básicos pra este ciclo preparatorio, que pode alcanzar un alumno nun medio, no que coexisten dúas linguas.

ESTRUTURAS, que ó finalizar este ciclo, o alumno pode manexar a nivel oral en tódolos casos, e, a nivel escrito, en función do coñecemento da primeira lingua.

DIRECTRICES METODOLÓXICAS, como plantexamento previo ó ensino.

ACTIVIDADES, de aprendizaxe, que consideramos típicas e, que se ordenan de menor a maior complexidade, pra que poidan ser empregadas de acordo coa madurez, desenrolo lingüístico e anos de escolarización do alumno, independentemente do nivel a que pertencen.

Por outra banda, creuse conveniente presentar un *Anexo*, no que se inclúen:

a) **RASGOS** que caracterizan ó galego fronte ó castelán e que foron elaborados en función das estruturas lingüísticas que o alumno manexa nestes niveis.

b) **TEXTOS**, moi elementais e de doada comprensión.

c) **RESEÑA BIBLIOGRÁFICA**.

* * *

Este documento preséntase a modo de hipótese de traballo, pra ser contrastado e mais enriquecido con investigacións operativas, porque prá axeitada incorporación da lingua galega na E. X. B., cómpre ter en conta ademais determinadas variables; como mais significativas:

- Actitudes cara a lingua por parte do mestre.
- Estimación social da lingua.
- Formación do profesorado.
- Metodoloxías específicas a empregar.
- Tempos adicados ó aprendizaxe do/en galego.
- Integración no Curriculum.
- E conexións e interferencias entre os dous códigos lingüísticos.

2. OBYETIVOS

Pra formula-los obxetivos específicos do aprendizaxe da lingua galega, que o mestre pode propoñerse e o alumno do 2.º nivel está en condicións de alcanzar, considérase, por unha banda, o resultado dos estudos sobor psicolingüística e, por outra, a problemática actual sobor dos niveis reais de aprendizaxe da lingua e as súas dificultades, contrastadas durante varios anos por profesionais que imparten a E. X. B. no medio rural.

Cómpre ter en conta tamén que os obxetivos do ensino da lingua non se poden deslindar dos obxetivos xerais de todo o facer escolar; e os obxetivos do ensino dunha lingua, cando coexiste con outra a nivel de funcionalidade, tampouco se poden separar, xa que se dan múltiples interrelacións e interferencias.

Aínda que existen estas implicacións pra facilita-lo campo de referencias do mestre, propóñense pra este ciclo os obxetivos seguintes:

- Desenrola-la capacidade pra comprender e emprega-la lingua galega nunha diversidade de situacións e propósitos cada vez mais definidos.
- Pronunciar con exactitude, naturalidade, ritmo e mais entoación.
- Desenrola-la capacidade de captar e expresa-los modos de expresión mais característicos da lingua galega como produto dunha forma de vida e cultura: paralinguaxe.
- Adquirir progresiva confianza pra falar.
- Crear actitudes positivas cara a lingua galega.

Que se especifican nos seus diversos aspectos:

2.1. COMPRENSIÓN E MAIS EXPRESIÓN ORAL

2.1.1. Desenrola-la capacidade de escoitar e comprende-la lingua galega.

- Comprender e responder axeitadamente ás ordes e instrucións orais, referentes a accións da vida diaria.
- Seguir sinxelas instrucións dramatizadas nas que se expresen feitos reais e fantásticos.

- Comprender frases nas que aparezan verbas e mais estruturas manexadas con anterioridade.
- Atender de maneira continuada á emisión grabada en magnetófono ou disco, dunha canción ou sinxelo poema.
- Comprende-lo vocabulario básico empregado na área de experiencia.

2.1.2. Emprega-la lingua galega como medio de comunicación.

- Pronunciar con corrección tódolos sonidos da lingua, así como as verbas empregadas.
- Demostrar unha actitude positiva cara a conversa en galego.
- Formular preguntas con fins concretos.
- Transmitir sinxelas informacións ou encárragos con orde e intelixibilidade.
- Emprega-la lingua nos xogos libres, como vehículo de expresión personal (empregando como medio de comunicación coloquial o vocabulario adquirido).
- Describir cualidades sensibles dos obxectos de uso común.
- Narrar feitos e situacións.
- Expresar vivencias motivadas por un estímulo; este pode ser verbal, plástico, musical, rítmico, etc.
- Recitar pequenos poemas, cancións ou refráns memorizados con entonación e ritmo.
- Explicar situacións vividas.

Dende un punto de vista morfosintáctico e semántico o alumno será capaz de empregar:

- Oracións simples cos seus elementos.
- Nexos ou verbas relacionadas mais comúns (condicional e causal).
- O verbo nas súas formas simples e nos tempos presente, pasado e futuro.
- O sustantivo e mailo adxetivo.
- Comprender que unha verba pode significar cousas distintas.

2.1.3. Emprega-la linguaxe pra reflexionar, pensar e resolver sinxelos problemas.

2.2. COMPRENSIÓN E MAIS EXPRESIÓN LECTORA

O nivel de comprensión lectora e mais expresión escrita está en función da situación primaria do alumno, galego ou castelán

falante, non obstante estimase que o alumno do 2.º nivel está en condicións de:

- Ler e comprender textos escritos moi breves (frases curtas).
- Dar tido a un relato narrado en imaxes e con textos escritos moi elementais (historieta ou *comic*).
- Relacionar personaxes de diferentes contos relatados en forma de *comic* (imaxe mais texto escrito).
- Resumir un texto escrito acompañado de imaxes.
- Distingui-las partes fundamentais dun texto con imaxes.
- Escenificar un relato escrito moi simple.
- Expresar plásticamente un breve relato escrito.

2.3. EXPRESIÓN ESCRITA

O alumno empregará sempre a linguaxe escrita de maneira comprensiva e usará os elementos e mais estruturas simples da linguaxe, que se especifican no apartado sobor expresión oral.

- Escribi-los nomes dos elementos dunha lámina, na que se representan obxectos conocidos.
- Pintar en secuencias un relato ou experiencia personal e mais escribir frases curtas, que teñan relación con el.
- Mimificar experiencias pessoais, expresalas plásticamente e escribi-la idea fundamental.
- Escribir verbas que terminen ou comencen por un determinado grafema, sufixo ou prefixo.
- Escribir verbas cun determinado criterio.
- Responder por escrito a preguntas sinxelas sobor de asuntos relatados ou falados con anterioridade.
- Completar cunha ou dúas verbas, frases incompletas.
- Construir frases simples a partir de dúas ou tres verbas dadas.
- Utiliza-los signos gráficos mais comúns.

3. ELEMENTOS E MAIS ESTRUTURAS LINGÜÍSTICAS

Durante os niveis de preescolar e primeiro ciclo de E. X. B. o alumno traballará sobor dos elementos e estruturas lingüísticas que a continuación se relacionan. Aínda que cada lingua debe ser ensinada en si mesma e con independencia, o mestre debe ter moi clara a estrutura dos dous sistemas lingüísticos, non de xeito aillado, senón comparativamente; isto axudarlle a comprender as dificultades de aprendizaxe dos alumnos.



Os elementos e estruturas quedan resumidas nestes **niveis**:

I. FONOLÓXICO } oposición de fonemas vocálicos abertos e pechados
 } pronunciación correcta dos sonidos [s] [r]
 } asimilación de consoantes

II. MORFOSINTÁCTICO (SEMÁNTICO)

A. ELEMENTOS	}	Nomes	oposición de xénero oposición de número
		Adx. calificativos	variables invariables oposición de xénero e número comparativo e superlativo
		Adx. determinantes (Pron-Adx.)	posesivos demostrativos indefinidos cuantificadores numerais artículo
		Pronomes	contracción colocación función sintáctica
		Verbos	morfemas concordantes morfemas auxiliares infinitivo conxugado verbos irregulares perífrasis verbais
		Adverbios	
		Preposicións	
		Conxuncións	coordinantes subordinantes

II. MORFOSINTÁCTICO SEMÁNTICO



3.1. NIVEL FONOLÓXICO

3.1.1. Nas sílabas tónicas traballárase sobor da correcta pronunciación das oposicións fonolóxicas /e/ - /ɛ/ (pechado/aberto) e /o/ - /ɔ/ (pechado/aberto):

pé (extremidade)	— pe (letra)
é (pres. do verbo <i>ser</i>)	— e (conxunción)
présa (sust.)	— presa (part. de <i>prender</i>)
óso (do esquelete)	— oso (animal)
fóra (adv.)	— fora (plusc. de <i>ser, ir</i>)
cómpre (é mester)	— compre (<i>merque</i>)

3.1.2. Coidarase a correcta pronunciación do fonema /ʃ/ (sonido palatal fricativo xordo):

xantar, xogo, toxo, coxo

3.1.3. Dentro do sistema consonántico terase en conta a existencia dun sonido velar en posición intervocálica [ŋ] en verbas coma *unha, algunha, ningunha*; nos casos de e paragóxica engadida a unha verba que remate en *n* como por exemplo *razonhe* e en posición final de sílaba, se a verba seguinte comenza por vocal, coma *en* Ourense.

3.1.4. Deberá poñerse especial atención sobor da *asimilación* de consoantes finais de palabra coas formas do *artigo*, en casos como:

3.1.4.1. *Infinitivo:*

face-*los* deberes
recolle-*los* libros
garda-*la* caixa
come-*lo* peixe
deixa-*las* ovellas

3.1.4.2. Formas verbais conxugadas que terminen en -s:

querémo-*lo* can pequeno
perdéstete-*la* boneca
fixémo-*los* exercicios
contástete-*las* bolas

3.1.4.3. Tralos pronomes *nos, vos, lles*:

fixono-*la* cama
contóuno-*lo* conto
dóuvo-*la* cea agora
púxelle-*las* botas

3.1.4.4. Despois de *ambos, entrambos, todos* e as correspondentes formas do femenino:

fixérono *emtránbolos* dous
tódolos días e *tódalas* noites ladra un can

3.1.4.5. Artigo precedido das preposicións *por, tras* e o adverbio *mais*:

viñeron *polo* inverno
viven *tralos* montes
Xoán e *mailo* neno da veciña

3.2. NIVEL MORFOSINTÁCTICO

A) ELEMENTOS

3.2.1. NOMES

Faranse prácticas sobor da oposición de *xénero* masculino/ feminino en modelos do tipo:

a) Morfema o pró masculino e marca *a* pró feminino:

fillo / fillA
neno / nenA
pito / pitA
gato / gatA

b) O masculino remata en consoante ou en *ó* (o acentuado), o feminino engade a marca *A*:

abó / aboA
señor / señorA
traballador / traballadorA
vendimador / vendimadorA

Tamén se poden considerar algunhas excepcións como: irmán / *irmá* (e as posibles variantes lingüísticas locais), ladrón / *ladra*.

c) As formas do feminino presentan morfemas especiais:

galo / galiña
rapaz / rapariga
abade / abadesa
can / cadela

d) Os heterónimos:

cabalo / egua
carneiro / ovella
pai / nai
rei / raíña
touro / vaca
xenro / nora

Tamén se procurará evita-las interferencias que poidan producirse con aqueles nomes que presentan un *xénero* gramatical diferente en galego e castelán, por exemplo, cómpre insistir en que:

a) Son xeralmente femininos en galego, os nomes que designan árbores frutais:

a pereira
a maceira
a laranxeira
a nogueira

b) Son masculinos en galego, a diferencia do castelán:

o cal	o fel
o lume	o mar
o nariz	o sangue
o sal	o cume
o mel	o costume
o couce	o leite

c) Algúns sustantivos cambian de significado, según sexan do xénero masculino ou feminino:

o pozo / a poza
o froito / a froita
o rodo / a roda

E incluso as variacións de xénero que indican diferencias de tamaño:

o agro / a agra
o cesto / a cesta
o bolso / a bolsa
o caseto / a caseta

Xunto coa oposición de xénero tamén se farán prácticas coa oposición de *número* (un / mais de un), pro respetando as variantes lingüísticas propias da zona:

a) Morfo -S prós sustantivos que terminan en vocal:

boi / boiS	medo / medoS
pé / péS	manteiga / manteigaS
rei / reiS	peixe / peixeS
folla / follaS	ovo / ovoS
boneco / bonecoS	saia / saiaS
nen / nenS	xogo / xogoS

b) Morfo -S prós sustantivos que terminan en -n (nos lugares onde o plural presente eliminación da nasal, terase en conta esta modalidade, como xa está indicado):

can / canS	lacón / lacónS
mexillón / mexillónS	estolón / estolónS
xamón / xamónS	caixón / caixónS
irmán / irmánS	hinchón / hinchónS

c) Morfo -S ou -IS prós sustantivos que terminan en -l:

animal / animalS
papel / papelS
cadril / cadrilS

3.2.2. ADXETIVOS

3.2.2.1. Adxetivos calificativos

Faranse prácticas cos que son variables e invariables respecto ó xénero:

a) Variables:

morno / morna	ledo / leda
bo / boa	baixo / baixa
falador / faladora	levián / leviana

b) Invariables:

fácil, capaz, probe, quente, doce, forte

Formaranse, tamén, o feminino e plural do adxetivo de forma similar ó que se ten feito cos nomes:

bo / boa — bos / boas
morno / morna — mornos / mornas
falador / faladores

Tamén se terán en conta os morfemas característicos pra contruí-lo *comparativo* e mailo *superlativo*:

Esta boneca é *tan* grande coma a miña (comp. igualdade).
Esta boneca é *menos* grande cá miña (comp. inferioridade).
Esta boneca é *mais* grande cá miña (comp. superioridade).
Esta boneca é *a mais* bonita de todas (superlativo)
Esta boneca é *a menos* bonita de todas (superlativo).

Empregaranse tamén os comparativos orgánicos latinos:

mellor	maior
peor	menor

Aumentativos, diminutivos, despectivos e apreciativos (en nomes e adxetivos calificativos):

Dádo-los variados valores e connotacións que presentan no sistema da lingua, veranse os cambios de significado que teñen as verbas con estes sufixos:

Aumentativos:

cabalo / cabalón
moza / mocetona
rapaz / rapazota
muller / mullerona

Diminutivos:

irmán / irmanciño
neno / neníño
tarde / tardiña
noite / noitiña
instante / instantiño
quentura / quenturiña

E en adxetivos calificativos coma:

novo / noviño
pequeno / pequeniño / pequerrecho
pequerrecho / pequerrechiño / pequerrechichiño

Despreciativos e apreciativos:

santa / santaza / santona
ferro / ferrancho
terra / terraxe
casa / casoupa
xente / xentuza

3.2.2.2. Adxetivos determinantes

Ademais da utilización dos paradigmas dos adxetivos determinativos (demostrativos, posesivos, indefinidos, etc.) traballarase:

a) O emprego do artigo co posesivo:

o meu pai	o noso pai
o teu pai	o voso pai
o seu pai	o seu pai

b) A contracción das preposicións **en** e mais **de** cos demostrativos e indefinidos:

neste momento chegou o mestre
nese caixón hai unha pelota
naquel campo xogamos ben

fixoo *deste* xeito
dáme un chisco *desa* mazá
non me acordo *daquel* rapaz

vivía aquí *noutro* tempo
estará *nalgún* lugar

comeuno *nun* instantiño
fareino *doutro* xeito
este año é *dalgún* veciño noso
dun ano a outro évos moito mellor

3.2.2.3. Quantificadores numerais

Cómpre que se destaque a variación xenérica:

MASCULINO / FEMENINO
dous / dúas
vintedous / vintedúas

E que se procure unificar, na medida do posible, os numerais, pra que se axusten a:

... dezaseis, dezasete, dezaioito, corenta, cincuenta, sesenta, setenta, oitenta, noventa, cen...

3.2.3. ARTIGO

3.2.3.1. O artigo determinado contrae coas preposicións *a, con, de, en, por, pra*. Faranse prácticas coas formas resultantes da contracción e veranse as particularidades fonéticas e fonolóxicas que presentan as formas contractas en oposición ás que non presentan tal modalidade:

o neno non llo dou / doullo ó neno
perdoou os pecados / perdoou ós pecadores
a miña é mellor / á miña non lle pegues
as tres non fixeron o traballo / ás tres as tres aínda non o fixeran

vou co meu pai á miña casa
veño coa miña nai á escola / veño ca miña nai á escola
vou cos meus amigos á miña casa
veño coas miñas amigas á escola

é do meu amigo
é o fillo da veciña
era un dos mellores amigos
eran parentes das donas

no mes de marzal iremos ó monte
na vila hai poucos rapaces
nos meses de inverno cae moita chuvia
nas vilas galegas hai moitos vellos

virán *polo* vran
virán *pola* primavera
polos camiños atopamos seixos
polas mañás fai moito frío

vou *pró* campo
vou *prá* miña casa
imos *prós* eidos
imos *prás* leiras

3.2.3.2. Analizaranse tamén as diferencias de pronunciación e de significación que presentan certas verbas coa grafía diferente (levan tilde) pro igual ás formas do artigo contracto ou á contracción resultante das preposicións *con*, *de*, *en* co artigo:

do (de + o)	— dó (dor)
da (de + a)	— dá (pres. e imp. de <i>dar</i>)
no (en + o)	— nó (dun fio ou da madeira)
das (de + as)	— dás (pres. de <i>dar</i>)
co (con + o)	— có (ca + o)
ca (con + a)	— cá (ca + a)
por (prep.)	— pór (<i>poñer</i>)

3.2.4. PRONOMES

Recoméndase facer prácticas con:

3.2.4.1. Contracción do pronome personal de terceira persoa coas preposicións *en* e mais *de*:

había *nel* moitos paxariños
pasaba *nela* algúns días
pon *neles* as cousas
pensaba *nelas*

fálame *del*
éche *deles*
sepárate *dela*
non sabemos nada *delas*

3.2.4.2. Contracción das formas oblicuas do pronome personal:

(Me + o): Non *mo* dou
(Me + a): Non *ma* dou
(Me + os): Non *mos* dou
(Me + as): Non *mas* dou

(Che + o): Non *cho* quero prestar
(Che + a): Non *cha* quero prestar
(Che + os): Non *chos* quero prestar
(Che + as): Non *chas* quero prestar

(Lle + o): Aínda non *llo* vendas
(Lle + a): Aínda non *lla* vendas
(Lle + os): Aínda non *llos* vendas
(Lle + as): Aínda non *llas* vendas

(Nos + o): Non *nolo* deixou
(Nos + a): Non *nola* deixou
(Nos + os): Non *noslos* deixou
(Nos + as): Non *noslas* deixou

(Vos + o): Xa *voló* dixen
(Vos + a): Xa *vola* prestei
(Vos + os): Xa *volos* traerei
(Vos + as): Xa *volas* traerei

(Lles + o): ¿Como se lle ocorre deixárllelo?
(Lles + a): ¿A quen se lle ocorre deixárllela?

3.2.4.3. O emprego de *lle* pra *singular* e *lles* pra *plural*:

Dixelle moitas cousas
Dixelles moitas cousas

3.2.4.4. Colocación das formas oblicuas do pronome personal:

a) Detrás do verbo:

díxonos moitas cousas
contoulles un conto

b) Antes do verbo:

moitas cousas *lle* dixo
non *llas* quero
agora non *lle* fixen nada

3.2.4.5. Os pronomes de solidaridade *che*, *lle*, *vos*:

non *che* lles fago caso
téño*lle* moito medo
téño*vos* moito traballo

3.2.4.6. As formas *connosco* e *convosco*:

está *connosco*
vai *convosco*

3.2.4.7. As funcións sintácticas do pronome personal e mailos seus valores:

a) Funcións de suxeto, complemento sin preposición e complemento con preposición:

Suxeto:

Eu son de Verín
Ti non sabes xogar
El come papas
Ela ten moitas bonecas
Nós corremos polo monte
Vós tedes unha vaca
Eles virán cedo
Elas collerán unha frolo

Complemento sin preposición:

non *nos* viu
non *vos* deixo
cóntame un conto
vírate

Complemento con preposición:

este libro é *pra min*
aquela cousa non a collín *pra el*

b) Función sintáctica específica dos pronomes *che* e *mais te*:

¿Que *che* parece? (Obxeto directo)
Non *te* entendo (Obxeto indirecto)

3.2.4.8. O inventario dos *indefinidos* mais empregados:

algún	certo	ambos
ningún	outro	demais
calquera	<i>mesmo</i>	etc.
todo	propio	
tal	varios	

3.2.5. VERBOS

Dedicarase atención á flexión verbal ou serie ordenada de tódalas formas con que se presenta un verbo. Estas formas manexáranse de modo intuitivo e o alumno conoceraas por simple dedución, endexamais coma simple aprendizaxe memorístico:

Eu xogo, nós xogamos, elas xogan... Eu xogaba... Ela xogará.

3.2.5.1. Morfemas concordantes de número e persoa:

Traballarase coas oposicións de singular / plural e coas de 1.^a / 2.^a / 3.^a persoa:

ti cantas
nós cantamos

3.2.5.2. Morfemas auxiliares de tempo e modo:

cantaba / cantará
cantabamos / cantaremos
cantaredes / cantariades

De forma que os alumnos capten as oposicións de Presente / Pasado / Futuro.

3.2.5.3. Prestarase atención ás formas do pretérito e á do pretérito pluscuamperfecto (ou pluscuamperfecto) de Indicativo. Con respecto á primeira estudaranse os valores de acción recentemente concluída e a súa combinación coa narración en presente (no castelán *he cantado*) e os valores de acción concluída non recentemente (no castelán *canté*).

No tocante ó pluscuamperfecto verase a súa expresión dunha acción concluída con relación a outra acción ou feitos pasados, destacando que no galego a forma é simple: *cantara, falara, dixéramos, chegaras*.

3.2.5.4. Das formas *non personais* do verbo terase en conta sobor de todo o *infinitivo conxugado*:

por non *ires* á escola, non terás...
ó *calaren*, falou ela
ó *chegares*, búscame
por *contardes* tal cousa
por *irmos* ó cine, perdimos...

3.2.5.5. Dos *verbos irregulares* só se farán prácticas cos de maior uso e emprego:

decir	poder	ser
estar	poñer	ter
haber	querer	traer
ir	rir	vir
oír	sair	etc.

3.2.5.6. Das *frases ou perífrasis verbais* veranse as mais frecuentes e dedicárase atención ó valor que teñen dentro do sistema:

- a) Ir + infinitivo: vouvos conta-lo que pasou.
- b) Vir a + infinitivo: viñeron a saber.
- c) Botarse a + infinitivo: botouse a berrar.
- d) Ter de + infinitivo: teño de escribirlle.
- e) Andar a + infinitivo: andan a contar chistes.
- f) Estar a + infinitivo: está a face-la comida.
- g) Haber + infinitivo: houben caír.
- h) Vir de + infinitivo: viña de falar con ela.
- i) Ter + participio: temos visto unha cousa.
- j) Levar + participio: leva feitas moitas cousas.

3.2.6. ADVERBIOS

Aínda que é unha clase de verbas da que resulta difícil fixar un inventario coherente e ben delimitado, non obstante pódese traballar con aqueles adverbios mais usuais e empregados. Se ben a clasificación dos adverbios polo significado ten inconvenientes, pode ser válida pra estes niveis:

3.2.6.1. Tempo:

antonte, onte, hoxe, mañá, pasadomañá
antes, agora, logo, axiña, despois
daquela, entón, cando, aínda, xa, mentres

3.2.6.2. Lugar:

aquí, ahí, alí
acá, alá, acolá
dentro / fóra
diante / detrás
enriba / debaixo
perto / lonxe

3.2.6.3. Modo:

ben, mal, despacio, mesmo
boamente, malamente, mesmamente

3.2.6.4. Cuantitativos:

moi, moito, abondo, nada, menos, miga, chisca, pisca, mais,
ben

Cómpre destaca-lo uso de *ben* como adverbio de cantidade e a especial colocación de *mais* antes de *nada*: *mais nada*.

3.2.6.5. Orde:

despois, finalmente, en terceiro lugar

3.2.6.6. Afirmación:

sí, tamén, por certo, abofé, certamente, seguramente

3.2.6.7. Negación:

non, tampouco

3.2.6.8. Duda:

quizais, seica, igual

Manexaranse tamén as *frases adverbiais* mais conocidas, coma por exemplo:

a) *Tempo*:

de contado, a miúdo, de camiño

b) *Lugar*:

a carón de, a rentes, a rentes mesmo, ó redor, á beira

c) *Negación*:

nunca na vida, non por certo

d) *Duda*:

se cadra, pode ser, o mesmo

3.2.7. PREPOSICIÓN

Traballárase coas preposicións mais empregadas e conoceranse os seus valores:

A:

quero *a* María
non lle digades nada *a* el
váí *a* Vigo

CON:

está *a* xogar co compañeiro
faino *con* moita ansia
escribe *cun* lápiz

CONTRA:

non teño nada *contra* ti
está *contra* a parede

DE:

o libro *do* neno
son *de* Lalín
está *de* pé
viaxamos *de* día

ENTRE:

entre lusco e fusco
farémolo *entre* os cinco

ATE (ASTRA):

chegamos *até* o río
agardaremos por ti *até* as oito

PRA (PARA):

é *pra* min
ven *pra* aquí
estudia *pra* saber moito

POR:

feito *polo* xastre
camiñaba *pola* rúa
polo día xogamos
fíxeno *por* forza

SIN:

está *sin* comer

SOBRE:

chegou *sobre* as dúas
costa *sobre* vinte pesos

Os valores das preposicións manexaranse en función dos exemplos que vaian aparecendo na actividade.

3.2.8. CONXUNCIÓN

Aínda que o inventario das conxuncións plantexa problemas sobor da fixación dunhas características formais e a determinación dunha conduta sintáctica, faranse prácticas coas:

3.2.8.1. Coordinantes:

E:

o neno *e* *maila* nena (destacarase o reforzo con *mais*)

NIN:

nin o neno *nin* a nena

MAIS:

ti *e* *mais* eu

OU:

veste *ou* quedas

PRO:

fun *pro* non había ninguén

ANQUE:

unque non queiras, terás que ir

3.2.8.2. Subordinantes:

QUE:

quero *que* me diga-la verdade

SE:

se non queres, non imos

PRA QUE:

pra *que* me dea cartos, teño *que* traballar

PORQUE:

non vou, *porque* non teño ganas

CANDO:

cando chegues, avisa

B) ESTRUCTURAS

Oración simple:

Comenzarase a traballar, partindo das estruturas sintácticas mais simples, até chegar ás expansións das funcións sintácticas mais complexas, pro propias deste nivel.

Co fin de clarifica-los símbolos que se empregan, preséntase de seguido unha relación dos mesmos:

1) Funcións sintácticas:

1.1. *Primarias:*

SUX = suxeto

PRED = predicado

ODIR/CDIR = obxeto ou complemento directo

OIND/CIND = obxeto ou complemento indirecto

CCIRC = complemento circunstancial

1.2. *Secundarias:*

DET = determinante

N = nome (nominal)

NUC = núcleo

MOD = modificador

REL = relacionante/enlace

TERM = termo

2) Categorías sintácticas:

Aínda que prás escolas lingüísticas non son iguais os conceptos de «sintagma» e mais de «frase» empréganse neste informe cun mesmo valor, co fin de unificar criterios, se ben presentan unhas connotacións diferentes dentro das correntes americana ou francesa, por pór un exemplo:

fn = frase nominal / SN = sintagma nominal

fprep = frase preposicional / SPrep = sintagma preposicional

fadj = frase adxetiva / SAdx = sintagma adxetivo

fv = frase verbal / SPred = sintagma predicativo

fadv = frase adverbial / SAdv = sintagma adverbial

3) Categorias léxicas:

art = artigo
adx = adxetivo
sust = sustantivo/nome
prep = preposición
conx = conxunción
verb = verbo
adv = adverbio
pron = pronome

4) Elementos léxicos:

Son as verbas: ex. plantas, neno, o, regar, etc.

I. SUXETO

Dentro do proceso de complexidade que pode presenta-la estrutura do SUX, poderían servir coma modelo as seguintes:

fn/SN	{	Pron = Eu
		N = Xan
		DET + N = O neno
		DET + N + MOD = a mesa branca
		DET + N + MOD + fprep = a mesa branca da escola

Na categoría do *Pronome* ademais dos *personais*, os alumnos deberán manexa-los demostrativos, posesivos (nos que se insistirá no emprego especial do artigo), indefinidos, relativos, etc.

Na categoría dos *Determinantes* faranse prácticas co artigo, fundamentalmente, e cos adxetivos demostrativos, posesivos e indefinidos: o neno, o meu amigo, este amigo, algún amigo, etc.

As posibles oracións resultantes poderían ser:

Eu son de Xinzo
Este é de Xinzo
O meu é mellor
Xan é de Xinzo
O neno é de Xinzo
Este neno está doente
Algún neno está doente
A vaca marela está doente
A vaca marela da veciña está doente

Coma posibles exercicios de transformación a facer co *suxeto*, propóñense os seguintes:

a) *Coordinación*: se se trata do mesmo *suxeto*:

Xan ten unhas galiñas + Xan dálles de comer
Xan ten unhas galiñas e dálles de comer

b) *Coordinación, con suxeto diferente:*

Carme quere a Pedro

Paco quere a Pedro

Carme e *mais* Paco queren a Pedro

(Insístase sobor da construción e *mais* e nas contraccións de mais co artigo: *mailo, mailo, mailos, mailas.*)

c) *Transformación en negativas:*

Carme e mais Paco non queren a Pedro

Nin Carme nin Paco queren a Pedro

Carme non quere a Pedro e Paco tampouco

d) *Transformación con negación dun dos suxetos:*

Carme quere a Pedro, pro Paco non (o quere)

Paco non quere a Pedro, pro Carme si

e) *Transformación en pasiva:*

Paco é querido por Carme e mais por Pedro

II. PREDICADO

PREDICADO NOMINAL:

Verbo copulativo + $\left\{ \begin{array}{l} \text{fadj} / \text{SAdx} = \text{bo} \\ \text{fn} / \text{SN} = \text{Carme} \\ \text{fprep} / \text{SPrep} = \text{de Xinzo} \end{array} \right.$

O neno é *bo*

Esta é *Carme*

Xan é *de Xinzo*

Pódese tamén traballar con estruturas mais complexas, coma:

O neno é *moi bo*

O neno é *o mais listo*

O neno é *o mais listo de todos*

O neno é *o mais listo de tódolos amigos*

etc.

PREDICADO VERBAL:

Verbo + $\left\{ \begin{array}{l} \emptyset \\ \text{fn} / \text{SN} = \text{mazás} \\ \text{fprep} / \text{SPrep} = \text{de Lugo} \end{array} \right.$

- O neno ven
- O neno come mazás
- O neno ven de Lugo

E pódense contruir estruturas mais complexas, coma:

Transitivas:

- Xan quere pan
- Xan quere pan de bola
- Xan quere pan de bola prós seus amigos
- Xan quere pan de bola prós seus amigos da escola
- etc.

Intransitivas:

- Xan chega
- Xan chega de Lugo
- Xan chega de Lugo hoxe
- Xan chega de Lugo hoxe coa súa nai
- etc.

Coas oracións de predicado verbal traballarase cos complementos que poidan aparecer (DIR, IND, CIRC).

Oracións simples según a actitude do falante:

a) *Aseverativas ou enunciativas:*

Faranse exercicios de transformacións das aseverativas en interrogativas:

- Xan é un neno. ¿Que é Xan?
- O libro é meu. ¿De quen é o libro?
- Entregueille a cesta a ela. ¿A quen lle entreguei a cesta?

b) *Interrogativas:*

Faranse prácticas con estruturas de interrogación, co fin de manexalos interrogativos mais empregados. (Insístase en que o interrogativo *quen* só se usa en singular e que o artigo acompaña ó interrogativo: *o que*.)

- ¿Que fixo?
- ¿Quen veu?
- ¿De que falades?
- ¿A que ides?
- ¿A quen chamades?
- ¿O que dixeches?
- etc.

Tamén poden manexa-los interrogativos:

ulo, ula, ulos, ulas

Construiranse, tamén, oracións simples coma resposta a estruturas interrogativas:

¿Que é esto? Esto é un libro
¿Quen é este neno? Este neno é Xosé
¿Que son estas cousas? Estas cousas son bonecas
¿Quen é María? María é aquela rapariga tan bonita

E as correspondentes negativas:

Esto non é un libro
Este neno non é Xosé
Estas cousas non son bonecas
María non é aquela rapariga tan bonita

Esta mesma clase de exercicios faranse con outras estruturas de interrogación:

¿De quen é este can? É de Lelo
¿De que é esta mesa? É de madeira
¿De quen é aquel lápiz? É do Antón
¿De quen é a libreta? De ningún

¿É teu este libro? Este libro non é o teu
¿Son nosos estes libros? Son / Non son
¿Son estas raparigas de Corcubión? Son / Non son

Ó manexar oracións interrogativas insistase que no galego a resposta afirmativa presenta o mesmo verbo, co que se pregunta:

¿Vas ó cine? Vou
¿Comiches? Comín
¿Estás ben? Estou

Elaboraranse outras estruturas de interrogación a base de numerais:

¿Cantas vacas hai no prado? ...
¿Cantos rapaces trouxeron cousas? ...

Ademais dos modelos de estruturas interrogativas que presentamos e dos que poidan xurdir na actividade escolar, tamén se aconsella que se fagan exercicios prácticos con diferentes oracións, nas que se pregunte polo suxeto, o obxeto directo, o obxeto indirecto, o complemento circunstancial, etc.

3.3. NIVEL SEMÁNTICO

Os exercicios que se fagan dentro deste nivel tenderán a aumenta-la competencia e fomenta-la actuación lingüística do alumno. Os alumnos teñen que usar só as verbas das que *sepan o seu significado*. Na adquisición do vocabulario teranse en conta os aspectos socioculturais tales coma:

- diálogos inspirados nos temas tratados
- cancións
- adiviñas
- contos e mais relatos
- etc.

Entre as prácticas que se propoñen, suxírense:

1. Traballos con verbas de significado parecido (como son moi poucas as palabras sinónimas, é mellor ensinar ó alumno a escolle-lo valor da verba con miras á *denotación* e á *connotación*):

nenos, rapaz, pequeno
ansia, interés
xogar, divertirse
gardar, conservar

2. Traballos con verbas de significado diferente:

grande — pequeno
ganar — perder
rir — chorar
baixo — alto

3. Actividades de aplicación de cualidades a obxectos:

a mesa pode ser ...

redonda
baixa
alta
pequena
branca
da casa
da escola

4. Aplicación de conceptos que expresan *espacio*:

está diante miña — está detrás miña

5. Aplicación de conceptos que expresan *tempo*:

chegou onte
 hoxe
 tarde
 cedo
 antes
 despois
 agora

6. Aplicación de conceptos que expresan *cantidade*:

teño moitos amigos
 poucos
 algúns
 ben de

7. Aplicación de conceptos que expresan *posesión*:

o can é meu
 teu
 seu
 dela
 voso

8. Elección dunha verba determinada, de acordo con gustos
personais de cada alumno:

Se tiveras que ordenar **estes** libros:

- a) ¿Qué poñerías primeiro?
- b) ¿Cal collerías antes?
- c) ¿Cal prefererías?
- d) ¿Cal deixarías pró último?

9. Ordenación lóxica de accións:

¿Que fas pra te vestir?: primeiro..., logo...
¿Que fas pra poñe-la mesa?
¿Que fas pra arreglar unha cousa?

10. Inventarios de verbas que teñan algunha relación en can-
to ó seu significado (que participen dun contido significativo co-
mún):

10.1. **O edificio:**

piso, cabana, pazo, palloza, casa rectoral, ermida, mosteiro,
eirexa, choza, casoupa, castelo, convento, pousada, escola,
hospital...

10.2. A familia:

abó / aboa; pai / nai; irmán / irmá; fillo / filla
neto / neta; tío / tía; sobriño / sobriña
curmán / curmá; xenro / nora...

10.3. Seres:

- a) ser humán: home: home / muller
- b) *animal*: paxaros (cuco, pardal, xilgaro...) / mamíferos...
- c) planta: arbres / herbas
- d) cousas coma as cordas: cordas, cordel, liña...
- e) cousas en masa ou en partes: pedra...

10.4. Tempo:

- a) metereoloxía: chuvia, neve, sarabia...
- b) clima: estacións: primavera, vran, outono...
- c) divisións do tempo: ano, mes, semana, día...

11. Exercicios pra diferenciar obxectos pertencentes a un mesmo campo **semántico**:

- pra gardar ou beber un líquido pódese empregar un / unha...
- vaso
 - unca
 - botella
 - canada
 - barril
 - bocoi

4. ORIENTACIONES METODOLÓGICAS

Un programa de / en galego pra nenos que viven nun medio onde existen dúas linguas en contacto debe fundamentarse nos seguintes presupostos.

4.1. A LINGUAXE É COMUNICACIÓN

A linguaxe é comunicación. É vehículo de cultura e mais é cultura

A lingua constitúe o código mais empregado polo home pra expresar pensamentos e sentimentos, pra comprender e entrar en relación cos demais e pra coñecer a realidade.

Por elo o rasgo mais significativo do seu aprendizaxe, estímase que debe ser, o enfrentamento na aula coa LINGUA VIVA, a fin de crear *situacións de aprendizaxe nas que o alumno teña a necesidade de se expresar en galego*, por medio dunha actitude aberta e mais estimuladora por parte do mestre, que favoreza o diálogo coma encontro e interacción entre seres humanos.

4.2. AS SITUACIÓNS DE APRENDIZAXE DEBEN XURDIR DO AMBIENTE DO NENO

Se ben cómpre coordinar a asimilación profesional dunhas estruturas e mais dun vocabulario, as situacións de aprendizaxe deben saír do ambiente habitual dos nenos, evitando o emprego da linguaxe sin un senso expresivo. Cómpre que toda actividade se desenrole nun contexto significativo e de interés pró neno.

Unha experiencia vivida e / ou vivenciada será a única fonte motivadora e creadora de necesidades expresivas.

4.3. Ó APRENDIZAXE DA LINGUA GALEGA DEBE ENCARDINARSE EN TODO O PLANEAMENTO CURRICULAR

Nestes primeiros niveis, aínda tratándose de nenos castelán falantes, non se pode separalo estudo sistemático da lingua galega de todo o facer escolar.

Débense incardinar os seus obxetivos e as actividades coa planificación xeral, relacionándoa estreitamente coas unidades de experiencia e coas restantes formas de expresión.

A incorporación da lingua galega na E. X. B. implica, por outra banda, un replantexamento e estruturación dos currículos escolares.

4.4. OS TEMPOS ADICADOS Ó APRENDIZAXE DA LINGUA GALEGA DEBEN SER TOTALMENTE EN GALEGO

Os tempos específicos adicados á iniciación na lingua galega desenrolaranse exclusivamente na devandita lingua.

Crearase un ambiente, no que o alumno por impregnación asimilará a lingua coas súas connotacións para-lingüísticas, xa que a comunicación verbal complétase cunha serie de formas expresivas de acordo coa tradición cultural da que forma parte.

Evitarase a tradución dunha á outra lingua, a fin de estruturalos códigos lingüísticos con independencia, de ahí a importancia de apoialo aprendizaxe en imaxes visuais ou mímicas.

O emprego deste idioma coma medio didáctico, estará en función do coñecemento que o neno ten da primeira lingua ó entrar na escola, de tal xeito que debe existir unha coordinación entre a fala familiar e a lingua empregada na escola.

4.5. DÉBENSE POTENCIA-LAS FORMAS DE EXPRESIÓN INTERRELACIONADAS

Débese potencia-la interrelación entre tódalas formas de expresión humana, é dicir, entre tódalas linguaxes, verbal, plástica, mímica, dinámica, musical, etc.

Esta interacción pódese facer:

a) Dende un punto de vista motivador, comenzando a actividade con apoiaturas gráficas ou plásticas, mímicas, musicais..., etcétera.

b) Dende o punto de vista da actividade mesma, estimulando a unha expresión da vivencia de modo total. Unha experiencia pode expresarse de moitas formas, cantas mais se empreguen, mais íntegro e creador é o aprendizaxe.

Cómpre, pra un neno que traballa con dúas linguas, descubrir simultaneamente o valor da mensaxe verbal, do xesto, das actitudes, das imaxes, dos sonidos e ruídos, das cores e das formas.

A toma de conciencia por parte do neno de tódalas linguaxes de xeito integrado non só facilita a función asimiladora do novo

código (galego ou castelán), senón tamén, o que é mais importante, favorece a integración do «eu» por medio de experiencias mais ricas e dende varios enfoques.

Por outra banda, e dende un punto de vista sociolóxico, está comprobado que os diferentes ambientes teñen modos preponderantes de expresión. No medio urbán, a forma de comunicación mais importante é a verbal; no medio rural, esta ten menos importancia, entra en xogo o xesto e mailas normas establecidas pola tradición. Neste caso actúan estas actividades, cunha función compensatoria ou reguladora, ó equilibra-las carencias expresivas nos distintos ambientes sociais.

4.6. DÉBENSE POTENCIAR ACTIVIDADES ESPECÍFICAS QUE DESENNOLAN O CONCEPTO DE SÍMBOLO E MAIS SIGNO

As linguaxes empregan un código e este código está formado por unha cadea de signos arbitrarios.

Un neno que fale dúas ou mais linguas está empregando dous ou mais códigos lingüísticos que ten que interiorizar, por elo, estímase que deben potenciarse as actividades que desenrolan a función simbólica, coma impulso da expresión lingüística e coma pre-aprendizaxe das técnicas prá lectura e mais escritura.

Estas actividades, coma se verá mais adiante (vid. 6. ACTIVIDADES), presentaranse a modo de estímulo, coma complementación no tratamento da estrutura lingüística ou coma exercicio complementario.

Inclúense neste apartado aquelas que teñen por obxeto:

- a) Descubrir indicios.
- b) Descubrir e crear símbolos e mais signos, por un proceso de substitución de significantes, conservando o mesmo significado.
- c) Facer pictogramas.
- d) A expresión sociodramática, na que o propio corpo do neno convírtese en signo.
- e) A representación gráfica de movementos corporais.
- f) A sensibilización ou animación de obxectos e elementos gráficos simples.

Consideración especial merece a utilización do *comic* ou historieta coma forma múltiple de comunicación.

É unha linguaxe mixta, formada por unha linguaxe icónica e mais un texto ou linguaxe literario (código verbal mais código visual), ambos non se conciben por separado, intégranse cunha serie de signos e mais símbolos gráficos (unha bombilla encendida pra expresar que unha persoa tivo unha idea brillante), que lle dan unha enorme forza expresiva, de ahí que se empregue de xeito reiterado, coma elemento de aprendizaxe e coma exercicio expresivo nas actividades desenroladas neste documento.

4.7. NO TRATAMENTO DOS ELEMENTOS E MAIS DAS ESTRUTURAS LINGÜÍSTICAS CONXUGARASE APRENDIZAXE SISTEMÁTICO E CREATIVIDADE EXPRESIVA (PRÓS ALUMNOS QUE NON CONOZAN A LINGUA GALEGA)

No tratamento dos elementos da linguaxe e mais das estruturas lingüísticas atenderase, preferentemente, a un criterio situacional e de funcionalidade da lingua.

Non obstante, cómpre programa-las actividades incorporando bloques de estruturas de modo progresivo, integrando en cada sesión de traballo os elementos de linguaxe empregados previamente.

Deste xeito axudarase ó neno a domina-lo vocabulario pra que poida dicir realmente o que sente.

A presentación dun elemento novo farase con naturalidade e en situacións significativas pró neno, creándose en torno a cada verba ou estrutura o seu significado connotativo e denotativo.

Presentaranse simultáneamente con axudas visuais (plásticas, gráficas ou mímicas) de tal xeito que o alumno por indución capte o significado do que oe sin necesidade de traducir dunha a outra lingua.

Ó mesmo tempo interanalizaranse modelos lingüísticos por medio de repeticións en contextos diferentes.

Todo elo permite ó escolar facer por si mesmo comunicacións verbais, creativas e domina-lo vocabulario.

Cando o neno non conoza o vocabulario mínimo, pra se comunicar libremente, intensifícanse os exercicios de expresión simbólica coma actividade compensatoria.

4.8. ESTIMULA-LA INTERACCION ENTRE MESTRE-ALUMNO E ALUMNOS ENTRE SI

O desenrolo da linguaxe está en íntima relación coa adaptación social e afectiva do neno, polo tanto é fundamental crear un clima de liberdade, confianza e apertura que faga sentirse ó escolar aceptado e seguro.

Este clima favorece a espontaneidade, presuposto necesario pró desenrolo da capacidade creativa natural a todo ser humano.

Pódese dicir que existe interacción cando o mestre acepta as formas de expresión peculiares de cada neno, cando comparte as experiencias do alumno, cando se identifica dun xeito empático cos seus problemas, as súas dificultades de aprendizaxe e aspiracións, coa súa lingua e cos seus modos de vivir.

Polo tanto, ó comenzo da escolaridade, o mestre empregará a lingua materna na relación personal e tutorial, respetará o seu emprego nos xogos e expresións libres do neno e empregaráa coma base da súa actuación docente.

4.9. CREAR UNHA ACTITUDE POSITIVA CARA A LINGUA GALEGA

O comportamento lingüístico do neno, dependerá na súa maior parte da actitude do mestre cara a lingua, e, a actitude positiva cara unha lingua está en función da súa utilización e de eliminar todas aquelas posicións, que poidan motivar na aula unha situación de conflito ou enfrentamento entre as linguas.

5. ENSINO/APRENDIZAXE DA LEC- TURA E DA ESCRITURA

Respecto ó ensino da lectura e mais da escritura da lingua galega cómpre considerar:

5.1. Ler e mais escribir é como falar, un acto de comunicación humá.

5.2. Crear na clase situacións de comunicación é mais importante que determina-lo método a seguir, porque o mais interesante pra que un método dea resultados positivos son as súas condicións de aplicación.

5.3. O aprendizaxe da lectura e mais da escritura propiamente ditos, debe estar estreitamente asociado; que o neno sinta, que comprenda que o acto de ler é a decodificación do texto que ten sido codificado.

5.4. O ensino da lectura e mais da escritura en lingua galega, calquera que sexa o método empregado, estará en función da competencia que teña o alumno, no nivel coloquial, da devandita lingua.

5.5. Previo ó seu tratamento formal débense facer actividades que favorezan a organización espacio-temporal, coñecemento do seu esquema corporal, enriquecemento do vocabulario e capacidade de simbolización, e sempre partindo dunha vivencia integradora da súa acción xestual, plástica, gráfica, sonora ou verbal.

Somente deste xeito, as actividades psicomotrices, plásticas e verbais significan expresión personal e polo tanto son fonte e vehículo de comunicación. Todo elo nun clima de aceptación e apertura.

O neno primeiro fala ⇌ escoita, antes que lee ⇌ escribe, polo tanto desenrola-la linguaxe oral é fundamental.

A modo de exemplo, ordénanse as seguintes actividades, que deben facerse antes de comenazar co tratamento sistemático das destrezas propiamente ditas e que débense continuar ó longo de toda a E. X. B., de maneira gradual e en progresiva profundización.

a) «Lectura» de imaxes: conversa diante fotografías ou dibuxos, qué é, cómo é, pra qué é...

b) «Lectura» de series pitóricas ou imaxes en secuencia. Relata-lo suceso... falar sobor del, «ler» a mensaxe.

c) O mestre conta un conto (se o acompaña de música e o dramatizan os nenos, mais forte será a vivencia).

O neno pinta as escenas mais importantes do conto, logo as ordena, ou pinta o conto en secuencias. «Escrebe».

d) Plantéxase un interrogante. ¿Cómo facer unha casa de xogue? Os nenos aportan solucións. Pra non se esquecer, pintan os utensilios necesarios, «escrebe».

e) «Escrebe» por medio de dibuxos unha frase simple. Estimúlase pra que dibuxe cada unha das verbas.

f) Noutra frase sinxela: Ex. «O paxaro grande come moitos grans de millo». Iniciaselle na escritura de signos. Os pasos a seguir poden ser:

- Precurar colectivamente o signo pró concepto «grande», pra elo pártese da vivencia corporal de *grande*.

- O mestre pregunta:

«¿Cómo podes parecer mais grande?» O mestre agarda a que o neno represente a acción (... estirado, nas puntas dos pés...). O neno fai o xesto e pódeo ir describindo.

- De camiño o mestre sigue decindo:

«E agora, ¿cómo podes parecer mais pequeno?» O neno encóllese...

- O mestre engade seguidamente:


«Son un paxaro grande... cómo é o meu pico, as miñas alas, as miñas patas, ... son un paxaro pequeno...» «Pinta un paxaro nin grande nin pequeno, non o borres, pon algo que indique que é grande...» Aquí nace o SIGNO, pode ser unha cruz, unha flecha... un círculo por fóra, etc., o que ó rapaz se lle ocurra.

O mesmo camiño seguimos prá palabra «come»...:

- «¿Qué xesto facemos pra comer?» «¿Cómo fai o paxariño?»

Se non xurde o signo, pode pinta-la acción mais adiante e despois de ter feitas varias actividades deste xeito, el atopará a representación gráfica.

A frase pode quedar deste xeito:




«O paxaro grande come grans de millo»

Pra vivenciar mellor este signo debe procederse do mesmo xesto, introducindo o concepto «pequeno».

g) O neno crea «bocadillos» en imaxes:

Ante unha imaxe, o neno «di», fala; o mestre escribe a palabra ou frase corta do rapaz, dentro do «bocadillo». Dado o «bocadillo», con verbas de fácil recoñecemento, que o mestre lee, o neno fará o dibuxo correspondente.



Adiviñar por medio das imaxes as verbas escritas no «bocadillo». Antes terá que ter lidas moitas imaxes.

h) O neno crea linguaxes: «A linguaxe do río».

«¿Cómo se move e que ruído fai o río cando vai de vagar?» «¿Suave?» «¿Rápido?»... Ademais da simbolización correspondente, está facendo exercicios de vocalización importantes prá linguaxe oral, nos que o rapaz toma conciencia, da súa boca, dos seus dentes. Pode profundizarse no proceso de simbolización e mais sobor dos ruídos e movementos do río, asignándoselle outras cualidades, «dulce», «que acariña»...

É decir, como xa se ten indicado con anterioridade, a exercitación na «lectura» de toda clase de mensaxes, que procedan de calquera tipo de simbolización e a creación de comunicacións simbólicas, constitúe a preparación necesaria pró aprendizaxe da lingua escrita.

6. ACTIVIDADES

6.1. CARACTERÍSTICAS XERAIS

As actividades que se desenrolan a modo de exemplo, agrúpanse en tres bloques, de menor a maior complexidade:

a) Actividades pra alumnos que desconocen a lingua galega e coma profundización pra aqueles escolares que falan en galego a nivel coloquial.

b) Comentario de textos a nivel oral ou escrito.

c) Unidades didácticas globalizadas pra alumnos galego-falantes.

A súa utilización polo mestre está en función de: a madurez, nivel de competencia lingüística e anos de escolarización do rapaz; un alumno do segundo nivel, pode estar no seu 2.º, 3.º, ou 4.º ano escolar, depende do tempo de permanencia no parvulario.

A idea fundamental que dirixe a planificación no desenrolo das actividades do grupo a) é: que todo proceso de expresión supón un proceso previo de apreensión —observación, manipulación, operacións converxentes e diverxentes do pensamento—. Dito noutros termos, pra que un neno fale, debe de ter sempre algo que decir, debe de ter interiorizado ou sentido unha vivencia a fin de que o seu aprendizaxe non sexa unha simple repetición mecánica de estruturas.

O importante está en armoniza-la progresión lóxica e acumulativa da lingua cun criterio de respeto pola espontaneidade infantil. Por elo, selecciónanse contidos de conversa fortemente motivadores e a partir destes preséntase a estrutura e mailo vocabulario fundamental da unidade, que pasa a ser base da unidade seguinte.

En cada unidade de traballo o neno debe:


a) Ter comprendida a estrutura e mailos elementos novos da linguaxe.

b) Telos interiorizado.

c) Ser capaz de utilizar novas situacións.

Estes obxetivos coinciden en principio cos tres momentos didácticos que se especifican no gráfico 1 (A, motivación; B, exercitación sobor da estrutura; C, expresión creadora).

Estes tampouco se suceden no tempo de xeito consecutivo e excluínte. Todos constitúen un proceso e en cada un participan con menor forza, os outros dous; así, o neno comprende a estrutura, a medida que a interioriza e axúdalle a interiorizala o empregala en situacións diferentes.



Segundo o gráfico 1, toda actividade integrada require:

A. MOTIVACIÓN

Preséntase a estrutura auxiliada por estímulos: plásticos, mímicos... ou ben rúidos, sonidos, cheiros, incardinados a ser posible na vida cotidiá, a fin de axudar ó neno a decubri-lo significado das cousas e das verbas sin recurrir á lingua que habitualmente fala.

Este intre, pola súa gran riqueza educativa, pode ser aproveitado polo mestre pra exercitar no alumno a capacidade de percepción de símbolos e mais signos.

Exemplos:

Estímulos

Presentación da estrutura verbal polo mestre. (Pódense desenvolver a actividade de acordo cos exemplos dos apartados 6.2, 6.3, 6.4, ou como o mestre o estime mais oportuno.)

a) Visuais:

- Obxectos reais ou imaxes que os representen.
Dibuxo dunha casa. Esto é unha casa...
- Imaxes incompletas.
Dibuxo dunha casa sin tellado. A casa non ten tellado...
- Imaxes onde hai que precurar indicios.
Dibuxo dunhas árbores inclinadas polo vento. ¿Como están as árbores? Inclinadas. ¿E por qué? É polo vento.
- Imaxes en secuencias.
Comics. Relata-la historia. Ordenala...
- Sinais.
Dibuxo dun sinal da pata dunha galiña. ¿Quen deixou o sinal?
- Feitos naturais.
A neve, a tormenta, a chuvia. Conversa:
¿Que é?
¿Como é?
¿Onde? ¿Cando?...
- Símbolos.
Un rectángulo marelo e outro azul. Ó mostra-lo cartel marelo: os nenos se levantan.
Ó mostra-lo cartel azul: os nenos se sentan.

b) Xestos mímicos:

- Representación de accións da vida cotidiá, imitacións de animais, expresión de sentimentos.
Que fai.
Que é.
Que lle pasa...

B. TRABALLO SOBOR DA ESTRUCTURA LINGÜÍSTICA E SOBOR DOS ELEMENTOS NOVOS DA LINGUAXE

Dáse prioridade ás estruturas mais sinxelas e ás de uso mais frecuente, procurando non presentar varios tipos ó mesmo tempo nos comezos do aprendizaxe.

Haise que asegurar de que o alumno comprende tódalas verbas no contexto, porque, a estrutura debe incardinarse sempre nunha mensaxe significativa.

Coma é moi importante falar dende o primeiro día cunha correcta pronunciación, o neno ten que repeti-las frases, pro aínda na simple repetición, cómpre fuxir da monotonía, relacionando as frases con outro contexto ou dándolle un senso diferente.

Pra vivencia-la estrutura pódense integra-las linguaxes que se coide oportuno.

Ex. moi sinxelo: no estudo da oposición perto -lonxe, ó mesmo tempo que o mestre e mailo alumno din: *estou perto, estou lonxe*, poden face-los movementos indicativos coa referencia a un elemento dado.

Non obstante, iranse alonxando os apoios audiovisuais pra que o alumno actúe coa linguaxe verbal independentemente.

A continuación expóñense os procedementos mais empregados no exercicio coas estruturas e mailos elementos da lingua:

a) *Simple repetición*


Di o mestre facendo un xesto de beber: *Eu bebo*
Repiten os nenos facendo o mesmo xesto

b) *Pregunta e mais resposta*

Di o mestre sinalando ó encerado: *¿É este o encerado?*
Contesta o alumno: *Si é o encerado*

c) *Sustitución dunha verba ou elemento lingüístico por outro*

Esta é unha mazá
Esta é unha pera
Esta é unha laranxa



d) *Transformación de frases afirmativas en negativas ou interrogativas en afirmativas*

Eu teño fame. ¿Tes fame?
Eu non teño fame
¿Tes fame?
Tes fame

e) *Transformación de singular en plural*

Vou polo camiño
Vou polos camiños
Imos polo camiño
Imos polos camiños

f) *Colocación das verbas na frase en distintas posicións*

A boneca da Elisa é branca
É branca a boneca da Elisa

g) *Engadir á frase inicial unha verba ou unha expresión*

Os figos están madurecidos
Os figos están madurecidos e mais doces
Os figos están madurecidos e pódense comer

h) *Reducir unha frase por substitución de varias verbas nunha*

Teño algunhas pesetas: Teño algunhas
Un día de moita néboa, trouxeron o can
Un día neboeiro, trouxeron o can

i) *Integración e mais combinación de dous ou mais frases curtas, pra formar unha frase mais complexa*

A miña casa é moi bonita. É de pedra. Ten moitas arbres no xardín
A miña casa de pedra ten moitas arbres no xardín e mais é moi bonita

C) EXPRESIÓN PERSONAL

Cómpre completa-la actividade con exercicios que exixen ó alumno emprega-las estruturas en situacións diferentes.

Nas actividades de iniciación, cando se dispón dun vocabulario reducido, é moi difícil, por elo axudarse na súa expresión, con dibuxos, xestos, pintando secuencias a modo de *comics*, etc., coma substitutivos das verbas que non conoza.

A interrelación de tódalas linguaxes, amais desta función compensatoria, ten o valor integrador da personalidade á que se ten feito referencia no capítulo IV.

Nunha clase de lingua hase de potencia-la conversa e mailo diálogo entre mestre e neno e alumnos entre si.

Nas primeiras sesións as preguntas teñen que ser pechadas. O mestre preguntará sobor da base do vocabulario e das estruturas empregadas. Se o neno non recorda a verba doada, intentará dar idea do seu significado, por medio doutra linguaxe, xestual ou plástica.

Canto antes débese pretender facer preguntas indagatorias que dean a posibilidade de contestar de varios xeitos a cada neno en particular. Este tipo de preguntas amais de favorece-lo pensamento diverxente e creativo, reduce a posibilidade de respostas estereotipadas e repetitivas.

Sintetízase o exposto neste apartado no cuadro resume de obxetivos e tarefas típicas que poden facerse nunha actividade integrada.

	TAREFAS	OBXETIVOS
A) MOTIVACIÓN	<p>Presentación da estrutura a partir de:</p> <p>imaxes feitos obxectos xestos bruídos e mais sonidos...</p>	<p>— Comprensión semántica. — Perfeccionamento fonolóxico.</p>
B) EXERCITACIÓN	<p>Traballo sobor da estrutura:</p> <p>Conversa dirixida Resposta simple Transformación Sustitución Ampliación...</p>	<p>— Memorización do vocabulario. — Perfeccionamento da expresión. — Aplicación da estrutura a novos contextos. — Desenrolo da conversa e mais do diálogo</p>
C) EXPRESIÓN	<p>Expresión plástica</p> <p>«Comic» Mimo Monicreques Poesía colectiva Narración Conversa libre</p>	<p>— Expresión creadora — Interrelación da linguaxe verbal coas demais formas de expresión.</p>

Motivación, exercitación e expresión non son compartimentos separados. Xustifícase este análise da actividade por razóns estritamente metodolóxicas.

6.2. ACTIVIDADES DE INICIACIÓN. EXEMPLOS

Desenrolo de actividades a partir de imaxes en secuencias

Pra nenos que non falan galego:

«As aventuras de Toño e mais Carmiña».

Tempo aproximado: Unha semana.

PRIMEIRA SESIÓN DE TRABALLO

A) MOTIVACIÓN: IMAXES

1. Dibujo dun neno e mais dunha nena xuntos.
2. Una casa grande e mais unha casa pequena, o neno vai cara á grande e a nena cara á pequena.

B) ESTRUTURAS E MAIS ELEMENTOS LINGÜÍSTICOS

Este é Toño.

Toño é un neno.

Este neno chámase Toño.

Esta é Carmiña.

Carmiña é unha nena.

¿Como se chama esta nena? Chámase Carmiña.

Toño vive nunha casa grande. ¿Onde vive Toño?

Toño vai á súa casa.

Carmiña vai á súa casa.

Toño e mais Carmiña son moi amigos.

Acontécenlles moitas aventuras...

Cómpre darlle énfase a esta frase, pra que os nenos sin se dar conta e a partir dunhas imaxes moi simples creen a historia eles mesmos. Identificándose cos personaxes van recreando as aventuras que non se lle dan feitas.

O mestre vai falando e sinalando as imaxes, os nenos van repetindo as frases e responden ás preguntas do mestre.

Coma:

¿Onde vive Toño?

¿Onde vive Carmiña?

¿Son amigos...?

C) EXPRESIÓN PERSONAL

O neno emprega as estruturas e mailo vocabulario:

¿Como se chama este neno?

¿E este?

¿Como te chamas?... Chámome...

¿Onde vives?

¿A túa casa é grande ou pequeniña?

¿A miña é grande? (O neno contestará simplemente grande, o mestre dirá: a miña é...?)

(Os nenos poden mimifica-las frases sinalando con xestos: eu, ti, grande, pequeno.)

Pintar libremente: «Eu vou prá miña casa e pásame unha aventura».

SEGUNDA SESIÓN DE TRABALLO

A) ESTÍMULO: IMAXE

Aparecen Toño e mais Carmiña andando polo campo collidos da man, moi de vagar, coma procurando algo...

Conversa sobor da estrutura anterior:

¿Como se chama este neno?

¿Como se chama esta nena?

¿Son amigos?

B) ESTRUTURAS E MAIS ELEMENTOS LINGÜÍSTICOS

¿Que fan Carmiña e mais Toño?

¿Carmiña e mais Toño procuran unha cousa moi importante?

¿Que procuran Toño e mais Carmiña?

A) IMAXE

Lámina con varios dibuxos:

Unha mazá, unha culler, un lápiz, un sobre dunha carta, unha goma.

O mestre vai decindo os nomes:

Esta é unha mazá...

Os nenos repiten as frases coma un xogo... e vanse facendo interrogantes...

¿Que é isto?

¿É isto?

B) NOVA ESTRUTURA ACOMPAÑADA DE MÍMICA

¿Que se fai con isto?... faise.

O mestre vai sinalando os dibuxos, o neno responde mimicamente e o mestre dí o nome da acción.

C) EXPRESIÓN

Os nenos pintarán libremente.

¿Que farán Toño e mais Carmiña coas cousas que atoparon?
Mimifica-la escena de dous en dous.

TERCEIRA SESIÓN DE TRABALLO

A) ESTÍMULO: IMAXE

Carmiña collendo froles.

B) ESTRUTURA

¿Que fai Carmiña?

Carmiña colle froles.

A) ESTÍMULO

Prefume de caraveis espallado pola clase...

B) ESTRUTURA

¿Que frol colle Carmiña?

¿A que cheira? O caravel...

Carmiña colle caraveis.

Os caraveis son froles.

Hai outras froles.

A) ESTIMULO

Varios tipos de froles ou unha lámina con dibuxos de froles:

Margarida.
Rosa.
Azucena.
Toxo.

Xogo de lotería con froles reconecéndoas en cartóns á vez que as nomean.

C) EXPRESIÓN

Expresión mímica

Cada neno/nena personifica unha frole e vai decindo o seu nome: eu son unha margarida...

As froles cóntanse cousas (a base de mímica).

Pinta o teu pobo ou o teu barrio cheo de froles.

CUARTA SESIÓN DE TRABAJO

A) ESTIMULO: IMAXE

Toño vai cantando.

B) ESTRUTURA

Toño vai con ledicia.
Toño vai cantando.

A) ESTÍMULO

Disco (canción):

«Eu teño un canciño
que ven da Marola
e baila o fandango
ben, ben, ben
cunha perna sola.»

(AMANCIO PRADA)

Imaxe: Dun can saltando sobor da súa pata, ó fondo o mar con ondas.

B) ESTRUCTURA

Os nenos a coro aprenden a canción.

C) EXPRESIÓN

Cantan e mais representan a acción do can saltando.

Toño ten un canciño.

¿Que é un canciño?

Un canciño é un can pequeniño.

¿Que fai o canciño?

¿Por que vai ledo Toño?

¿O canciño está contento?

¿Que fai Toño cando está contento?

baila }
canta } As respostas deben ser expresadas polos mesmos
rise } nenos con verbas ou mímica.

Os nenos moi contentos collerán esto (un disco marelo).

Os nenos pouco contentos collerán esto (un disco azul).

Xogo de preguntas:

¿Como estás ti? (O neno mostra o seu disco.)

¿E ti...? (O neno mostra o seu disco.)

Expresión mímica:

Eu estou moi ledo (xesto de estar moi ledo).

Eu non estou ledo (xesto de non estar ledo).

Plástica:

Os nenos dibuxarán:

¿Que fago cando estou moi ledo?

¿Que fago cando non estou ledo?

Atopeime con Toño e puxémonos moi ledos.

QUINTA SESIÓN DE TRABAJO

A) ESTÍMULO

Imaxe

Dibuxo de Toño cunha maleta na man subindo ó tren.

Acústico

Se é posible soa o pitido do tren e maillo ruído ó saír.

B) ESTRUTURA

Toño fai un viaxe.
Toño vai en tren.
Toño vai moi lonxe.
¿Como fai o tren?

C) EXPRESIÓN

¡A face-lo tren todos!

Tódolos nenos pitan e corren pola habitación coma se fose o tren.

Dramatizan:

Toño monta no tren.
¿Quen é Toño?
Eu son Toño.
¿Onde vai o tren?
¿Lonxe ou perto?
O tren para na estación.
¿Quen é o xefe da estación?
Eu son o xefe da estación?
¿Que fai o xefe da estación?
Para o tren.
¿Hai xente na estación?
A xente dille adeus ó Toño.

Os nenos van interiorizando a estrutura á vez que dramatizan a situación.

Adeus Toño.
¿Onde vas Toño?
¡Volve pronto Toño!

Plástica

Os nenos pintan.

¿A onde foi o Toño?

Resposta aberta:

¿Como serán os novos amigos da Carmiña?

A LIMPEZA (OU A HIXIENE)

(Todo a base de mímica)

Exercicio número 1

- a) O mestre fai xesto de se lava-la cara e di a frase que explica a mímica feita.
Os rapaces repiten xesto e mais frase.

- b) O mestre fai xesto de se limpar cunha toalla e di a frase...
(o mesmo que no exercicio a).
- c) O mestre fai xestos de toma-lo almorzo...
- d) O mestre fai xestos de lava-lo tazón do almorzo...
- e) O mestre fai xestos de se limpa-los zapatos...
- f) O mestre fai xestos de se cepilla-la roupa...
- g) O mestre fai xestos de se peitear...

Os nenos repiten de seguido todo o proceso, pronunciando ó mesmo tempo as frases correspondentes.

Exercicio número 2

Coma o exercicio anterior, pro de lavar, face-las camas, barrer, limpa-lo chan, lavar vasos, poñe-la lavadora...

Exercicio número 3

Un neno fai un xesto ou pon unha postura calquera. Os demais da clase traducirán en verbas (en galego, se cómpre coa axuda do mestre) o xesto ou a postura do neno.

O mestre debe percurar, estimulando coma crea necesario, que os nenos compliquen os xestos ou as posturas, pra que eles vaian enriquecendo a fala.

AS FROLES

Exercicio número 1

Dibúxase unha frol (ouponse un grabado).

O mestre irá decindo frases referentes á frol, que os nenos teñen que ir repetindo, sinalando no grabado ó referente á frase que van decindo. Por exemplo:

- Esto é unha frol.
- A frol ten cores moi bonitas.
- A frol ten no centro uns puntiños marelos.
- Algunhas folliñas da frol son verdes.

Exercicio número 2

Bórrase a frol (ou quítase o grabado).

Os rapaces van dibuxando a frol e van repetindo as partes e as frases que se teñen feito no exercicio número 1.

Exercicio número 3

O mestre vai decindo onde hai froles, e os nenos irán repetindo. Por exemplo:

- As froles seméntanse no campo.
- As froles seméntanse en testos.
- As froles colócanse en xarróns.
- As froles póñense na cabeza.
- As froles póñense no oxal.

Varias froles xuntas, forman un ramo.

Os alumnos dibuxan os lugares ou as cousas que van decindo nas frases.

A CHUVIA

A) ESTÍMULO

Ponse no encerado un vocabulario de verbas e de frases sinxelas, sacadas da vida mesma.

Por exemplo, un día de chuvia o mestre, sinalando a chuvia (pra que os nenos se dean de conta de que as frases e mailas verbas que va decir se refiren a aquela cousa concreta), di:

- chove
- chover
- agora chove
- xa non chove

Vivencia

Os nenos repiten as verbas e mailas frases, asociando a cousa real coa verba ou frase.

O mestre escribeas no encerado. Os nenos vólvenas a repetir léndoas en común ou individualmente.

B) ESTRUTURAS APLICADAS

Cantidade indefinida

O mestre pregunta:

- ¿Canto chove?...
- ¿Pouco?
- ¿Moito?

Os rapaces repiten:

- Chove pouco
- ou
- Chove moito
- ¿Canto é pouco?
- ¿Canto é moito? (Con xestos sinalan o pouco ou moito.)

Accións en presente ou en pasado

- ¿Cando chove?
- ¿Agora?
- E se chove despois ¿como se di?
- Choverá.
- E ¿se choveu antes e agora non chove?
- Chovía, choveu

O mestre irá escribindo no encerado:

- chove
- choverá
- chovía
- choveu

Os nenos van repetindo.

Contracción de preposicións cos demostrativos

O mestre vai decindo e poñendo no encerado:

- *naquela* hora non chovía
- *neste* momento chove
- *nesa* clase non chove
- *naquel* campo está chovendo
- *neses* momentos escampa

Vocabulario

Verbas relacionadas polo seu significado:

- ¿Que se leva cando chove? (Relación de cousas. Ideas que van xurdindo en diálogo común.)
 - paraguas
 - zapatóns
 - chancas
 - zocos
 - impermeable
- Cousas que teñan algo que ver coa chuvia:
 - lama
 - tellado
 - **pingueiras**
 - enchoupar

Estruturas partindo do vocabulario

Comenza o mestre decindo frases nas que vaian incluídas verbas do **vocabulario**, axudándose de mímica, se cómpre, pra ser comprendido.

— Eu levo *dous* zapatóns

dous / dúas

— Ti levas *dúas* chancas

— Cantos zapatóns hai na escola?

— E ¿cantos zocos?

Un, unha, dous, dúas tres... (Poden escribirse no encerado.)

Comparativos e superlativos

— Os meus zapatóns son mais grandes cós teus.

— As miñas chancas son as mais grandes de todas...

C) EXERCICIO DE CREATIVIDADE

O mestre pide ós nenos que fagan un dibuxo relacionado co tema «A chuvia». Cada un que o faga como queira.

Recollidos todos, o mestre vainos mirando diante de cada rapaz e con toda a clase atenta, dialogando con eles pra que expliquen a interpretación do dibuxo, valéndose da mímica, se cómpre.



O VENTO

A) ESTIMULO

Imaxe dunhas arbres inclinadas polo vento.
Sonido: día de vento se é posible ou disco.

B) ESTRUCTURA

O vento move algunhas cousas.
Cousas que se moven polo vento.

Arbres
Herba
Palla
Follas
Fume
Nubes
Papeis

O vento é ar que se move.
Óese o vento.
Cousas pesadas.
Cousas lixeiras.
Conversa con estas estruturas.

C) EXPRESIÓN

Sensación e movementos dun neno empuxado polo vento fixo nun punto do chan, facendo resistencia ó ar.

O vento dáme na cara.
O vento dáme nas pernas...
O neno móvese libremente, personificando o vento.
Eu son o vento.

Pintura libre en secuencias:

¿Que fixo o vento un día no pobo?
Bombardeo de ideas encol da verba *vento*.
Coas cousas da clase ou co propio corpo facer rúidos que representen o vento.
Inventa-la canción do vento.

Poesía colectiva

Dáselle ós nenos un elemento lingüístico ou varios que se repiten a modo de canción. Cada neno completa a frase e vaise construindo un poema ou canción colectiva.

Exemplo:

Di o mestre:

Paxariño, paxariño
que voas
.....
.....

Contesta un rapaz:

Paxariño, paxariño
que voas
.....
.....
Paxariño, paxariño
que voas
.....
.....

MURAL COLECTIVO

Que os rapaces fagan un T. B. O. ó seu nivel, só con dibuxos, de tamaño bastante grande, pra que poida ser visto por un grupo do maior número posible de rapaces.

Empezando por un e logo por outro, até facelo con todos, o grupo vai aportando ideas e o mestre vaille poñendo letra a cada dibuxo según as interpretacións que se lle vaian dando.

O mestre axudará o que sexa necesario, pro coíndando moito de non entorpece-la creatividade de cada neno e estimulando pra que interveñan todos.

NARRACIÓN ORAL CON EXPRESIÓN MÍMICA

Asomaba un case nada o seu corpiño pola montaña.

Era de noite.

Caladiños... que non fale ningún.

Non se ve nada.

(Xestos de se tapa-los ollos.)

Imos andando polo camiño trompicando coas pedras.

(O mestre dá palmadas arritmicas, e os nenos andan pola clase seguindo o ritmo das palmadas. Cando o mestre deixa de palmear, eles deberán quedar na postura que lles coincida ter nese intre. Ó volver a palmear o mestre, eles deberán segui-lo ritmo de novo, andando.)

Miramos ó lonxe pra ve-lo corniño.

Pro o corniño vai medrando, vai medrando...

Entón xa emprenchiamos a ver un pouco.

E como xa vemos, podemos camiñar.

Xa estamos chegando ó picouto do monte.

Pro ó chegar ó picouto, a lúa xa se fora mais alá.

Mais... vénselle xa os dous corniños enteiriños. ¡E como escintilea!

Non a podemos coller, pro vé-mola tan bonitiña...

Xa baixamos estralantes de gozo.

(O mestre dá palmadas rítmicas iguais e lixeiras, e os rapaces andan seguindo o ritmo das palmadas.)

(Xestos de subir con dificultade.)

(Xestos de cansancio e de desencanto.)

(Xestos de gozo. Palmadas do mestre, rápidas, que os nenos siguen andando ó seu ritmo. Logo séntanse todos a descansar. Poñen as cabeciñas sobor da mesa en actitude de dormir.)



Relaciónanse agora un fato de actividades que teñen coma obxectivo fundamental desenrola-la creatividade verbal:

Precurar connotacións encol dunha verba

Ex.: CALOR.

- Cando digo a palabra CALOR, ¿en que pensades?
- Identificarse coa palabra calor, sentirse quente, moverse, falar...
- Decir palabras que dean idea de calor.
- Escribir palabras que parezan quentes.
- Pinta-la calor.
- Falar con voz cálida.
Completa-lo exercicio coa verba FRIO.

Cómpre facer exercicios deste tipo con verbas de significado oposto:

DÍA — NOITE
CLARO — OSCURO
FORTE — DÉBIL
SI — NON
ALTO — BAIXO
ARRIBA — ABAIXO
DIANTE — DETRÁS
PERTO — LONXE
ABERTO — PECHADO
ALEGRE — TRISTE
GRANDE — PEQUENO

Poden facerse exercicios similares encol de calquera verba:

Ex.: Encol da verba ¡HOLA!

- ¿Que quere decir? Saúdo...
- Xeitos de saudar... (da-la man, abrazar...).
- Chegar á idea de amizade...
- Pintar encol da verba amigo...

Vivenciar un obxeto

Ex.: «Eu son de papel».

- Síntome de papel, floto, arrúgome, caio ó chan, esbaro... (expresión corporal).
- Expresión plástica destas vivencias e conversa sobor do representado.

Vivenciar un ruído

Ex.: Péchase a porta de golpe.

- Falar... ¿Que pasou?, ¿quen pechou a porta? ¿Por que? ¿Como foi e movemento?
- «Eu me pecho», «Eu me abro», «Pecho os ollos», «Pecho a boca, os pés...», «Abro todo o corpo»...
- O neno vai expresando corporalmente estas sensacións, que de acordo co seu nivel traduciranse ó grafismo.
- Poden inventar un conto misterioso, despois de oí-lo peche da porta.

Resolver un problema ou facer un invento

Ex.: ¿Como fariamos pra que as vacas non se escapen do prado, sin pecha-lo prado? ¿Que pasaría se as galiñas vivisen dentro da nosa casa?

- Cada neno ou grupo de nenos aportará unha solución, estimularase a que dean maior número de ideas diferentes e realizables.
- Dibuxarase a solución mais interesante.

Inventar e plantexar problemas ós compañeiros e ó mestre

Xogos a partir de verbas

Ex.: Que un neno diga unha verba e outro rapaz diga outra.

- Procura-las semellanzas e as diferencias no seu significado.
- Inventar unha verba que teña algo en común coas dúas.
- Compoñer frases con estas verbas.

Ex.: Xogar cunha frase.

- Rompe-la frase, mestura-las verbas, procurar sentidos diferentes.

Ex.: Compoñer unha historia a partir de tres verbas, unha delas rompe a unidade e mailo senso.

Ex.: Procurar campos semánticos.

Contos

Ex.: Rematar un conto.

Dar título a un conto.

Relacionar personaxes de diferentes contos: «¿E se o cabriño do reló se atopase coa Caperucita?»...

Dramatizar contos.

A partir dun boneco ou obxecto de uso diario, o neno compondrá un conto...

Como son as cousas e as persoas

Ex.: Explica como es: O TEU RETRATO.

6.3. ANÁLISE DE TEXTOS A NIVEL ORAL E/OU ESCRITO. EXEMPLOS

O POLIÑO SINTE FRÍO

—GALINIÑA, ¡pío, pío!...
O poliño sinte frío,
¿como o poderei quentar?

—¡Acóchate, meu filliño!
Miña pluma mol e quente
o corpo che abrigará...

¡Co, co, co!... ¡Co, co, co!...
—¡Teño frío!
—¡Anda, parvo,
a te quentar!

A galiña,
co seu bico,
fixo entrar ó seu poliño
na estufa
maternal...

Dora Vázquez, *Oriolos neneiros*

Análise de texto

- Lectura feita polo mestre.
Farase con mímica se fose preciso pra que lle entendan os nenos. Pola mesma razón, ó face-las preguntas do cuestionario, axudarase de mímica tamén.

Cuestionario

- ¿Que sinte o poliño?
- Que os nenos digan que cousa fan os poliños cando teñen frío.
- ¿Como poñen o corpo os poliños cando teñen frío?
- ¿Como canta o poliño?
- ¿Como canta a galiña?
- ¿Como fan as ovellas?
 - as vacas?
 - os lobos?
 - os gatos?
 - os cans?

- A galiña quentou ó poliño con...
- As galiñas non poñen pantalóns, nin zocas... ¿Con que se gardan as galiñas do frío?
- Primavera:
 - Vran
 - Outono ¿Cando fai frío?
 - Inverno
- Facer un enrolo dos meses do ano, e sinalar aqueles nos que fai frío.

FORMIGAS

Una formiga leva, 12
 outra formiga trai. 13
 Todas xuntas carrexan e carrexan. 14
 Tralarái.

O monteponse escuro
 cando a noitiña cai,
 pero sigue a medra-lo formigueiro.
 Tralarái.

Están ledas por teren,
 tras de tanto fai fai,
 unha casa de seu feita por todas.
 Tralarái.

X. Neira Vilas, *Cantarolas e contos prá xente miúda*. Arealongiña, 1975.

Análise de texto

- Lectura mímica prá comprensión do texto.
- O texto fala dun animal, ¿cal?
- ¿Que fan as formigas? (Se é necesario o mestre volverá a le-lo texto astra que os nenos se decaten do que fan as formigas.)
- Imos todos face-lo que fan as formigas. (Acenos de iren carregados.)
- «Unha formiga leva».
- «Unha formiga trai».

Que un neno poña a postura da formiga o «levar».
 Que outro neno faga o mesmo coa segunda frase.
 Despois que un grupo faga a primeira e outro a segunda.

- ¿Cando se pon escuro o monte?
- «... pero sigue a medra-lo formigueiro».
 - ¿Que é un formigueiro?
 - ¿Como medra o formigueiro?
 - ¿Que fan as formigas pra que medre o formigueiro?
- Que os nenos dibuxen unha formiga nun cuadrado. Logo que dibuxen varias formigas noutro cuadrado.

Poñe-la palabra «formigueiro» debaixo do cuadrado que lle corresponda.
- ¿Están ledas as formigas?
- ¿Por que están ledas as formigas?
- Que expresen con acenos o estaren ledas.
- «Unha formiga leva».

Que os nenos fagan unha relación do que pode leva-la formiga:

 - «A formiga leva miguiñas de pan»
 - «A formiga leva graños de azucre...»
- *Morfemas modo-tempo:*

«Leva» «traí» quere decir que está levando e traíndo hoxe. Se precurase a comida onte, ¿como diría? E ¿se a precurase mañá?
- *Adxetivos variables e invariables:*

«Monte escuro».

Se en vez do monte fose a paisaxe, ¿como diría? E se en vez de «escuro» o monte fose «probe», ¿como dirías que era a paisaxe? (Que se fixen que «escuro» cambia o pasar a feminino, e «probe» non.)
- *Aumentativos e diminutivos:*

Á palabra «formiga» engádelle «iño». ¿Que quere decir? ¿Como dirías unha formiga moi grande?
- *Campo semántico*

Que digan tódalas palabras relacionadas con «formigas», por categorías. Por exemplo:

 - Sitios onde poidan anda-las formigas.
 - Animais parecidos ás formigas. (Poden decir en que se parecen.)
 -

TEXTO

Campos de millo espállanse ante os meus ollos.

A terra que traballan os labregos é dura e seca.

Pro tamén é duro o mar onde traballan os mariñeiros.

O pai de Xurxo é mariñeiro.

Polas seráns, á caída do sol, bota sobor do lombo os aparellos e marcha á praia a prepara-la barca pra botala ó mar.

Os días de vran, Xurxo vai deica alí e veo marchar. Algún día tamén irá el.

O sol parece un camiño de prata nas augas do mar. Pro no inverno... ¡qué dura é a vida dos mariñeiros...! No inverno Xurxo non vai deica a praia. Aplasta o nariz no cristal da fiestra, e pensa no que fará o seu pai.

Veo turrando pola barca cunhas toradas debaixo, coas mans ateridas de frío, até as augas, e despois ¡ale! pérdese alá lonxe...

E Xurxo xa non sabe mais, porque nunca foi. Soio de mañán cedo, ó espertarse, ve ós peixes na casa e á súa nai que os colle e marcha pra vir logo cunhas cantas cadeliñas, que contan os tres moitas veces ¡tantas veces!

Co nariz na ventá soio pensa naquel puntiño que se ve tan lonxe ¡tan pequeniño! e ¡tantas augas escuras ó redor!

Comentario (iniciación ó diálogo en galego):

- Que contén, en coloquio dirixido polo mestre, se foron en barca algunha vez.
- Seguindo o coloquio, que comparen os traballos dos campesiños e mailo dos mariñeiros, e que cheguen a conclusións posibles das dificultades duns e mais dos outros. (Xa se entende que as comparacións son as do seu nivel.)
- Xurxo ¿a que nome corresponde en castelán?
- ¿Por que contarán o diñeiro tantas veces?
- «O sol parece un camiño de prata nas augas do mar».
- ¿Por que parece un camiño de prata?
- O millo é un produto que se cultiva en Galicia. Que o rapaz faga unha relación de produtos que se sementan no seu pobo. (Pode facerse un pequeno estudo de produtos da rexión.)
- Que o neno faga unha relación dos peixes que se pescan en Galicia.

TEXTO

O neno aquel corría que se mataba.

Os seus peciños non parecían peciños; picaban nas pedriñas do camiño cal bichos con alas que brincan de aquí e alí;

coma gotiñas de auga que pican nunha folliña cando chove, e despois pican noutra e noutra até caer estrapazadas no duro chao.

—Neno, neno, berráballe unha muller-ciña que corría tras el.

Pro o neno nin vía, nin oía, nin nada. Soio diante del estirábase, estirábase o camiño, lonxe, lonxe...

Parecía un foguete.

E os paxariños fuxían ó velo chegar.

E as lagartixas metíanse nos buratos ó velo chegar.

E as ras chumbábanse nas charcas ó velo chegar.

Parecía que chegaba o trono.

¡E que limpo estaba o ceo naquela serán de xuño!

Mais o rapaciño non vía nada, soio o camiño.

Ó da-la volta dunha esquina meteuse por unha porta e subiu dunha tirada as escaleiras. Parecía un chucho coa lingua fóra.

—¿Que tés meu bonitiño?, díxolle a súa nai.

—¡No teño nada!, contestou rabeoso o rapaciño, pro non volvo á escola nunca mais.

—E logo, ¿que che pasou?

—Nada.

E ó rapaciño non o sacaban de ahí.

Até que tanto lle tiraron da lingua, que contou.

Contou que ó chegar á escola meteuse o seu canciño con el, e o señor mestre díxolle:

—Pepiño, ¿de quien es ese perro?

—Meu non é, replicoulle.

E os rapaces escomezaron a rir polo baixo. E un que estaba alí diante, díxolle:

—Dille que é teu, burro.

E o mestre volvíalle a preguntar. E xa farto díxolle a todos moi alto:

—Non é meu que é da cadela do señor Rudesindo.

Parecía que se fundira o mundo. Botáronse todos a rir, até o señor mestre.

Entón el, coa cara roxa coma os tomates maduros, botouse a correr e non parou até chegar á súa casa.

Comentario

Pra contestar oralmente (coa axuda do mestre):

- Di tódalas verbas que non sepas o que significan. Pide ó mestre que chas explique.
- Di, moi brevemente, ¿de que fala o conto?
- ¿Como é o neno do conto?
- Di por qué se riron todos do neno.
- Pensa: ti ¿ríriaste tamén del? Pensa o por qué.
- «O neno correndo parecía un foguete». Di outras cousas a que se poida parecer un neno cando corre.

- Marca cunha cruz ó personaxe principal do conto.
- Ponlle un redondel ó neno que falou en voz baixa.
- No dibuxo non aparece algo do que se fala no conto, e que se di que tamén estaba na escola. Dibúxao ti entre os nenos.
- Dibuxa a escena do neno na casa, coa súa nai.
- Debaixo do dibuxo que tes feito pon unhas verbas pra consolar ó neno.
- Hai persoas no conto das que non se nos di como se chaman. Ponlle ti o nome propio. (Pódese poñer unha relación deles e que o neno só discurra o nome.)
- No conto fálase de tres animais. Ponlle unha raíña debaixo dos nomes que siguen e que non aparecen no conto:

- lesma
- paxariño
- sapo
- lagartixa
- doniña
- ra
- avespa

- Fai unha relación dos animais que conozas (ou dos animais que se dan en Galicia).
- Dos animais que tes posto na pregunta anterior, pon nunha fila ós que poidas coidar na casa, e noutra fila ós que non poidas gardar dentro da casa.
- ¿Como se chaman os animais da casa?
- ¿Como se chaman os animais que andan soltos no monte e noutros sitios similares?

6.4. UNIDADES DIDÁCTICAS GLOBALIZADAS. EJEMPLOS

A CASA E A FAMILIA

MOTIVACIÓN

Un paseo polo pobo.

OBSERVACIÓN

No paseo polas rúas do pobo, os nenos observan descubren, palpan, comparan... Oen rúidos:

o carro que pasa
as ovellas que saen a triscar
a formigueira que dá voltas
martilleos diversos
nenos que gritan...
a auga da fonte...
as cores...

Establecen semellanzas e diferencias que se suceden ó pasar:

casas onde se vive
cortes de animais
piornos, cabaceiros
bodegas, palleiros
o axuntamento
a escola
casas antigas
unha casa en construción...

VOCABULARIO

Desenrolado durante a observación:

sótanos, baixos, portal, pisos, bufarda, casas de planta baixa, o patio, as cortes, as escaleiras, as escalas, o pasamáns, muros, teito, balcón, terraza, tellados (1, 2 ou 4 augas), tellas.

Aberturas: portas, fiestras, chemineas, cristais, persianas, rellas, contras...

Dependencias: cuarto de baño, cociña, comedor, dormitorios.
Persoas que interveñen na súa construción: as súas funcións,
ferramentas e maquinaria:

moblaxe
utensilios
a súa familia, membros, funcións
a súa casa.

BOMBARDEO DE IDEAS

Un día en casa.

Os nenos nomean accións que fan ou poden facer, dende que se levanten até que se deitan.

TENSIÓN-RELAXACIÓN

Tira-la casa.

Os nenos apoiando as súas mans nunha parede, intentan tira-la casa (tensión) facendo forza, mais forza, moita forza. Xa cansos déitanse no chan (relaxación).

RIRSE E ENFADARSE

A un sinal que teñan escollido xa os rapaces (cor-forma-ruído, etc.) poden rirse canto queiran e con todo o corpo (relaxación). Cando se cambie o sinal deben enfadarse moitísimo (tensión).

DISTRIBUCIÓN NO ESPACIO

Proporase ós nenos que anden pola clase.
Cada un irá por onde queira, pro ningún pode empuxar.
O mesmo pro con obstáculos (asubiar, moblaxe).
Pódese acompañar cun pandeiro.

XOGOS DE LINGUAXE

- Cada neno di o seu nome e acompañándose de instrumentos naturais (palmas, pitos, etc.) e todos o repiten.
- O mesmo con nomes da súa familia.

- Un neno nomea un membro da súa familia, o seguinte di o plural, o masculino e mailo feminino:
 - o pai
 - os pais
 - pai-nai
 - o abó-a aboa
- Facer frases: Un neno di unha verba e repítea ó día seguinte e engade outra:
 - a miña...
 - a miña mamá...
 - a miña mamá é...
- Facer frases con verbas que non teñen conexión: libro, casa, pedra.
- Xogo do teléfono:
 - a miña mamá chama ó carniceiro
 - Pepiño fala co seu abó, et.
- Cada un escenifica o oficio do seu pai, os demais adivíñano e dino.
- Cada un imita unha acción: lavar, coser, planchar, dormir, clavar, facer unha masa, picar pedra; os demais adivíñano e dino.
- Dadas diferentes imaxes (tenedor, silla, cama) decir só que se pode facer con elo.
- Decir cousas de comer, de beber.
- Imita-la voz dos diferentes membros da familia (abó, papá, nenos pequenos).
- O mesmo cos rúidos da casa: pechar portas, fiestras, choros, abrir ou pechar billas.

EXERCICIOS DE COORDINACIÓN MOTRIZ

- O que fai o pai, fano os fillos. Tódolos nenos de cara ó mestre, cunha música de fondo, clara e reiterativa (marchas, danzas). O mestre propondrá diferentes movementos sinxelos e o neno pode imitar. (Dar palmas, palmas nos xoellos, palmas que non soan, tocá-la cabeza coa man dereita, esquerda, abaixo, diante, detrás, xuntar e separa-los dedos, facer un novelo, etc.).

DISCRIMINACIÓN MUSICAL

- Suxírese ós nenos que anden coma o seu abó, moi de vagar. O mestre marcará negras, cun pandeiro.
- Logo coma o pai, marcarase negras tamén pro menos lento.
- Logo coma os nenos, correndo, o mestre marcará corcheas.
- Cando conozan os distintos valores, tocaranse alterando o orde e os nenos fan o correspondente movemento.

REPRESENTACIÓN GRÁFICA DE MOVEMENTOS

- Catro rapaces están enriba da súa casa (cartulina). Saen e póñense diante, detrás, á dereita, á esquerda, dan unha volta ó redor do xardín.
- Os demais nenos representano gráficamente.
- Visítanse uns a outros. Representan o recorrido.

EXPRESIÓN LÓXICO-MATEMÁTICA

1. Formar conxuntos con xoguetes diferentes ou cromos, utensilios de cociña, moblaxe, persoas, etc. Que os nenos descubran a propiedade característica.
2. Contar diferentes cousas (membros da familia, bloques lóxicos, etc.) e procura-la etiqueta correspondente coa cifra.
3. Modelar cuadrados e mais rectángulos (fiestras e mais portas).
4. Reconocer ó tacto números de lixa.
5. Formar conxuntos con igual número de elementos que un dado (conxuntos iguais).
6. Dado un conxunto, formar outro con mais ou menos elementos.
7. Dar tantas palmadas coma se lle indique (non mais de 5).
8. Poñer o cardinal a diferentes conxuntos, que teñan menos elementos ca dez o número ten que ser inferior a dez).
9. Facer conxuntos vacíos.

Proceso

- 1.º Manipulación de obxetos.
- 2.º Representación simbólica no plano (encerado, papel, etc.).

Espacio

- Ditado de posicións: Poñer obxetos enriba da mesa, diante, detrás do armario.

Tempo

- Antes, agora, despois. Que os nenos digan accións sucesivas que fan dende que se levantan até que se deitan.
- Que digan as prendas de vestir que se poñen antes e despois e cales sacan primeiro e cales despois.
- O mesmo cos utensilios que se poñen na mesa.

DISCRIMINACIÓN DE FORMAS E TEMPO

- Varios rapaces nas súas casas (bloques lóxicos) de diferentes formas. Mentras están na casa cantarán a canción, ó mesmo tempo que fan o xesto correspondente.

- Ó rematar, sairán de paseo, mentras o mestre toca a canción (negras nun pandeiro).
- Ó rematar deberanse colocar nunha casa semellante á que tiñan antes.

Canción

Eu barro a miña casa, e o rematar voume de paseo a descansar.

- «Ensinar a xogar», de C. Say e L. Cortés. Outras accións que se poden facer: lavar, pintar, saltar, arregar.
- Os nenos póñense en fila, andan e ó chegaren diante da casa (unha silla, cartulina pintada), cada un dirá unha acción que poida facer el, diante da súa casa e faina.
Diante, detrás, á dereita, á esquerda, da miña casa eu podo saltar, correr, xogar, dar voltas, ler, rir, chorar, dormir.

Representación mímica de obxectos

- Son unha silla.
- Son unha porta.
- Son un reló, etc.

DESENROLO SOCIAL

O neno e a súa familia

- Traer fotos de mamá, papá e demais membros da súa familia. Miralos e falar sobor das expresións de cariño, alegría que aparece nela.
- ¿Por que están ledos? ¿Estano sempre? ¿Que podías facer pra que sempre estén?
- Descubri-lo amor entre os distintos membros da familia. Ve-la necesidade de colaborar e ser útiles na familia, no pobo, na escola.
- Facer un mural coas fotos.
- Pintar a súa familia.
- Expresar mímica ou gráficamente sentimentos de ledicia, de cariño.

CONTO

- «Unha nova terra» (Páx. 115).
- Resumi-la historia.
- Reproducila cun estímulo musical.
- Facer preguntas:

- ¿Quen é mais grande, o pobo ou a cidade, onde hai mais xente?
- ¿Que ocurrirá se non atopasen ó seu pai?
- ¿Que opinades do comportamento dos veciños?
- ¿Que podemos facer pra mellora-la casoupa?

DRAMATIZACIÓN DO CONTO

1. Ve-los personaxes: poden ser persoas, animais, froles, arbres, pedras, casas, montañas, ríos, nubes, sillas, coches. Uns falan, outros só fan xestos, movementos.
2. Reparti-los *papeis*. Que cada un escolla ó seu gusto, e todos participen.
3. Ve-lo espacio onde se vai desenrola-la acción.
4. Os nenos poden facerse (caretas) ou sinxelos disfraces (rodas pró tren, maletas pró viaxe).
5. Pode haber un narrador (un neno ou o mestre).
6. Interpretación: No intre que lles corresponde representan o seu personaxe, improvisando eles mesmos o diálogo. Pódese acompañar con música de fondo.

EXPRESIÓN PLÁSTICA

- Con caixas grandes de embalar, facer entre todos cousas. Construí-lo pobo e maila cidade. Pintar libremente e a pincel o conto.

UNIDADE DE EXPERIENCIA: OS ANIMAIS TERRESTRES

MOTIVACIÓN

- Algún animal que teñan traído os rapaces ou o mestre.
- Animais do rincón de Natureza.
- Unha visita ó zoo.
- Un conto relacionado co tema, etc.

OBSERVACIÓN

- Análise global e de cada unha das partes do corpo dos animais: tocar, descubrir, comparar, áspero, suave...

CONVERSA

- Adeprende-lo nome dos animais.
- Animais que teñen nas súas casas.

- Outros animais domésticos e salvaxes.
- Os seus costumes.
- De que se alimentan.
- A súa utilidade: carne, leite, traballo...
- As súas vivendas.
- Machos, femias e crías.
- Partes dun animal.
- O zoo.

EXPRESIÓN MATEMÁTICA

Relacións e clasificacións

- Describir diferencias e semellanzas entre os distintos animais:
 - a) polo tamaño;
 - b) pola cor;
 - c) pola súa alimentación;
 - d) polo seu peso;
 - e) polos seus diferentes membros.
- Clasificar dibuxos de animais:
 - a) animais e as súas crías;
 - b) animais e as súas vivendas;
 - c) animais con plumas;
 - d) animais domésticos, etc...
- Que os rapaces deduzan o criterio.
- Facer correspondencias entre conxuntos: animais e as súas crías.
- Emprega-los signos : = ; > e < entre conxuntos.
- Problema: Teño 2 vacas na corte e 10 ovellas no monte. ¿Cantos animais teño en total? Se vendo 7 ovellas, ¿cantas me quedan?
- Animais lentos e rápidos; mansos e feras.
 - «Eu son lento coma unha tortuga.»
 - «Eu son rápido coma un león.»

XOGOS DE ADIVIÑAR

- Imitar accións que fan os animais (andar, correr, comer, dormir...) e sonidos que emiten. Mentras un neno actúa, os demais descubren de que animal se trata.
- Inventar adiviñas.

REPRESENTACIÓN GRÁFICA DE MOVEMENTOS

- Un león (nenos) está subido a un taburete, ruxe, e salta a outro taburete.
- Os demais nenos dibuxan nun papel este movemento.
- O león ponse á dereita, á esquerda, diante, detrás do taburete.
- Representalo gráficamente.

XOGOS DE LINGUAXE

- Un neno di unha verba moi forte (can) e o seguinte di o diminutivo moi baixiño.
- Dise unha verba (lobo) e os nenos din verbas que empecen pola mesma sílaba. Cambiarase a verba cada poucos nenos.
- Un neno di unha verba en singular, e o seguinte en plural.
- O mesmo co masculino e mailo femenino.
- Cada neno di unha verba, e de seguido co xesto vólvea a decir.
- O mestre propón unha verba, os nenos engádenlle outra, até formar frases:
 - gato
 - un neno = o gato
 - outro neno = o meu gato
 - outro neno = o meu gato ten, etc...
- Mais grande ca. O mestre dirá: O can é mais grande ca... Os nenos darán diferentes respostas.
- Decir cousas que ten o elefante.
- Decir cousas que non ten o elefante.
- Que ten un elefante e que non ten un león, etc.

DRAMATIZACIÓN

Imos ó Zoo

- Pensamos en qué podemos ir: autobús, tren, etc.
- Sacámo-lo billete, subimos e sentámonos. Ollamos pola ventá...
- Chegamos ó Zoo. Vémo-lo elefante, o lobo, o león, o coello, o pato, o galo, a cabra, etc.
O nomear cada animal, os nenos represéntano ou din algunha característica.

- Xa de regreso, cada neno representa o animal que mais lle gustou. Os demais téñeno que adiviñar.
- Poden facer caretas, pinta-lo que «viron»...

XOGO DO TELÉFONO

- Tódolos nenos en corro, o mestre dará un «recado» á orela do neno que ten á súa dereita (convértete en vaca), este deberao pasar ó seguinte. O último en recibi-lo recado, faino.

CONTOS

- Inventar un conto (dando un estímulo): Pedriño iba de paseo co seu can.
- Resumi-la historia.
- Dramatizala.
- Expresión plástica: con pintura, plastilina, arcilla, etc.

Conto: «A vaca Marela».

- Resumi-la historia.
- Poñerlle un tíduo.
- Preguntas sobor do conto: ¿Por que se chama Marela? ¿Por que cambiou de dono? ¿Que pensará a vaca de todo elo? ¿Que pasaría se non se acostumase cos novos donos?

UNIDADE DE EXPERIENCIA: O INVERNO

MOTIVACIÓN

- Un día de frío. Prendas de abrigo que o neno leve.
- Un día de neve, de xeadada, de vento.
- Láminas, fotografías, almanaque, termómetro.

OBSERVACIÓN

- Análise do ambiente inmediato. Os campos, os xardíns, o patio da escola, o ceo, o aspecto dos nenos, dos homes e da clase.
- Tocar, comparar... O cheiro da calefacción, do fogo...

CONVERSA

- Os cambios que teñen lugar:
 - *No tempo*: chove, neva, frío, pociñas, xeadas, xelo, vento, sol...
 - *Nas plantas*: Aspecto que representan as árbores. Plantas do inverno: o centeo, os nabos, o musgo.
 - *Nos animais*: paxaros emigrados, as ras, os insectos, lagartixas.
 - *No vestido*: chaquetas, abrigos de lan, impermeables, calzado forte, botas, «chancos», paraguas, calcetíns, luvas, bufanda.
 - *Na alimentación*: caldos, alimentos abundantes en grasa. O porco.
 - *A matanza*: filloas, rixós, chourizos, xamón, cachucha, unto, touciño.
 - *Frutos secos*: castañas, noces...

A CASA E A ESCOLA

- Distintos medios de calefacción; estufas de carbón, lareiras, braseiros, calefacción central, a roupa da cama.

DIFERENCIAS E SEMELLANZAS CO OUTONO FESTAS DO INVERNO

- Nadal, Ano Novo, Reis, Entroido.

XOGOS DE LINGUAXE

- Decir como é a neve.
- Decir outras cousas coas mesmas cualidades.
- O mestre palpa prendas de vestir, e os nenos pónenlle o nome.
- Concurso: ¿Que neno sabe falar mais tempo sin pasar? (improvisado).
- Construír frases, dadas diversas verbas que non gardan relación: neve, neno, vaca.
- Atopar verbas que suxíran:
 - ifrío
 - vestido
 - neve
 - brando
- Poesía: «O vento».

EXERCICIOS

- Resumi-la poesía. Buscar no dicionario as verbas desconocidas.
¿Que verbas indican sonidos do vento?
(zoar, fungar, bufar, rinchar).
- Expresar mimica e mais plásticamente os diferentes sonidos.
¿Por que soplaría tan forte o vento?
¿Que podería pasarlle?
¿Que conversa terían o vento e a mañá pra deixar de soplar?
¿Que estará a facer? ¿Volverá?
- Dramatiza-la historia xurdida da conversa.
- Poñerlle música, acompañala con algún instrumento (vieiras, pandereta).
- Pintala.

RELACIÓNS E COMPARACIÓNS

- Describir diferencias e semellanzas entre as estacións: outono, inverno.
- Como foron os días mais próximos: onte, nantonte, e mais hoxe. Comparacións co estado actual: mellor, peor.
- A neve e auga (sólido, líquido, gaseoso).
- Clasificar prendas de vestir. Que os demais rapaces descubran o criterio de clasificación.
- A neve é fría coma...

XOGOS DE ADIVIÑAR

- O mestre ou un rapaz, indica por medio dunha frase unha prenda de vestir: «Levámolo mentras estamos na escola». Os rapaces deben adiviñar de que se trata.
- Un rapaz paséase pola clase con algo sin senso (o xersei, os zapatos do revés, etc.). Os demais adivíñano.
- Un rapaz tápase os ollos, mentras se agacha un obxeto. Os demais dirán pistas (según se acerque ou se alonxe ó obxeto escondido).
- As pistas poderán ser orais (frio-quente) ou gráficas, por medio de flechas ou outros símbolos.

REPRESENTACIÓN GRÁFICA DE MOVEMENTOS

- Somos bolas de neve. Pequenas... un pouco mais grandes, moi grandes, grandísimas. (Os pés separados, brazos estendidos...)

- Trasladar ó plano bolas de neve grandes e mais pequenas.
- As bolas de neve rodan cara a dereita, cara a esquerda dunha arbre.
- As bolas siguen rodando... até quedar convertidas nun charco de auga.
- Representar gráficamente tódolos movementos.

TENSIÓN-RELAXACIÓN

- Cada neno será unha nube moi cargada de auga (tensión). De pronto, empeza a chover, e pouco a pouco vaise formando un charquiño de auga no chan (relaxación).
- O mesmo, pro somos barras de xelo.

BOMBARDEO DE IDEAS

- Quedóusenos a pelota no alto dunha arbre e ademais está nevando. ¿Que podemos facer?
 - a) Respostas orais, ó mesmo tempo que se escriben na pizarra.
 - b) Escóllese a mellor.
 - c) Dramatízase.
 - d) Píntase.

EXPRESIÓN MATEMÁTICA

- Facer diferentes conxuntos con froitos do inverno, bloques lóxicos, prendas de abrigo (cromos), etc. Falla-la unión e intersección.
- Facer conxuntos equivalentes, subconxuntos, etc.
- Inventar un relato según imaxes dadas que antes haberá de dispoñe-lo neno pra que ofrezan secuencias lóxicas: antes, agora, despois...
- Poñer neve en tres recipientes. Poñamos un no exterior, outro na clase, e o terceiro na estufa. ¿Que neve se fundirá primeiro? ¿Cal tardará mais? Comprobalo.
- «O salta-charcos»: Dícese a un neno que vai levar un paquete á súa nai, pro ten chovido e hai charcos de auga no camiño. Cómpre saltar. Colócase o charco dos bloques, grandes, rectángulo e roxos, e o dos pequenos, redondos marelos.
- O neno debe saltar cada charco ó mesmo tempo que di como é o charco.

(O xogo pódese comprobar progresivamente con diferentes cores, tamaños e formas.)

- Reconocer polo tacto diversas formas, grosos e tamaños.
- Apreciación de distintos grados de temperatura (quente, moi frío, seco, mollado, húmedo).

Conto: «Chuvia».

- Resumi-la historia.
- Reproducila cun estímulo musical.
- Preguntas.
- Dramatizalo.
- Expresalo plásticamente.

A N E X O S

ANEXO NUMERO 1

CARACTERIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Pra caracterizar dende o punto de vista lingüístico á lingua galega pártese, fundamentalmente, dos elementos e mais das estruturas lingüísticas que se inclúen no presente documento. Por esto, non se inclúen tódolos rasgos característicos, pro si os que o equipo considera mais operativos.

A) Fonética e fonoloxía

Aínda que existen diferencias no galego falado nas catro provincias galegas, pódense establecer unhas notas distintivas:

1. Fonemas vocais. En posición tónica son sete, é, por conseguinte, un sistema triangular con catro grados de abertura e con dúas series (palatal e mais velar). Os fonemas diferentes do castelán son /ɛ/ - /é/ e mais /ɔ/ - /ó/ coas súas realizacións de abertos e pechados:

- /ɛ/ — [ɛ]: tamén; terra, quere; présa
- /é/ — [e]: cedo; temos; coitelo; presa
- /ɔ/ — [ɔ]: escola; home; roda; fóra
- /ó/ — [o]: pomba; folla; lombo; fora

En posición átona non final, os fonemas son cinco e resulta así un sistema de cinco unidades e tres grados. En sílaba final non acentuada, os fonemas son tres (cómpre destacar que o /o/ realizase moi pechado e o /e/, en xeral, moi breve).

2. Fonemas consoantes. Os fonemas consoantes diferentes do castelán son:

2.1. O fonema /S/ que se realiza coma un sonido palatal fricativo xordo, se ben existen outras realizacións, según as localidades da xeografía galega:

- [S]: xaneiro; roxo; xantar

2.2. Existen ademais outras peculiaridades, que aínda que non son uniformes en toda a área lingüística do galego, cómpre destacar:

2.2.1. O seseo que supón a desaparición de fonema /θ/ dentro do sistema consoántico. Este seseo pode ser total ou parcial, é dicir, pódese producir en tódalas posicións ou só en posición final. O fenómeno está moi extendido e é moi xeral sobor de todo na chamada «Galicia atlántica».

2.2.2. A *geada* que supón a desaparición do fonema /g/ dentro do sistema consoántico. O fonema realizase como un sonido velar fricativo xordo, se ben hai diferencias entre os lugares: [x], [ħ], [h]. A *geada* está moi extendida pola Galicia atlántica e moitas localidades das provincias de Lugo e Ourense.

2.2.3. O *yeísmo* que supón a desaparición dentro do sistema consoántico do fonema /j/; este é substituído por /y/. O *yeísmo* gana terreno día a día, e parece ser que a pronunciación de /j/ como unha palatal lateral sonora é máis frecuente entre as persoas maiores ca entre os xóvenes (nos que o yeísmo é practicamente xeral).

2.2.4. A realización velar do fonema /n/ cando está en posición final de palabra ou en posición interior en verbas como «algunha», «ningunha» ou nos casos de «e» paragóxica agregada a unha verba terminada en «n». Dende o punto de vista da grafía, este sonido vai representado na grafía polo grupo «nh». En posición final, en ocasións, non se produce dito sonido velar, se a verba vai seguida das formas pronominais «o», «a», «os», «as»; tamén o dou; non as teño.

2.2.5. Os fonemas /r/ e mais /s/ das formas dos infinitivos, da preposición *por* e das persoas 2.^a, 4.^a e mais 5.^a dos verbos, xunto co /s/ das verbas *todos, todás, mais, ambos, tras, ambos, nos, vos e lles* desaparecen diante das segundas formas do artigo (*lo, la, los, las*, estas catro formas antigas aínda existen hoxe no portugués):

face-lo niño; recolle-las cousas
tódolos días; o meu e mailo teu

B) Morfoloxía e sintaxe

1. Artigo. Existe unha diferenza fundamental entre o artigo determinado e o artigo contracto; esta diferenza está ben reflexada na grafía e na pronunciación. Na grafía polas formas *ó e*

mais á e na pronunciación porque estes sonidos vocálicos, cando son resultado da contracción son, en xeral, mais largos, e abertos:

viñeron as tres / viñeron ás tres
o home non veu / entregoullo ó home
a casa está limpa / vou á casa
os homes non viñeron / entregoullo ós homes

Ademais destas realizacións fonéticas cómpre sinalar que o artigo contrae con mais preposicións ca en castelán: *a, con, de, en, por, pra*.

2. Nome. O xénero dos nomes coincide, en xeral, co castelán, sin embargo existen algunhas particularidades:

2.1. Os nomes das árbores frutais son, en xeral, do xénero feminino:

a pereira, a maceira, a laranxeira

2.2. Os nomes das letras do alfabeto son do xénero masculino: «o pe».

2.3. Os nomes que terminan en *-axe* que non se refiren a seres sexuados son de xénero feminino, en xeral:

a paisaxe, a mensaxe, a aldraxe

2.4. Son de xénero masculino en galego: o cal, o lume, o nariz, o ubre, o labor, o sal, o mel, o leite, o dote, o sangue, o cume, o costume, o couce, o fel.

2.5. Son de xénero feminino: a ponte, a cor, a dor, a calor.

2.6. Existen nomes que según as variacións de xénero, indican diferencias de tamaño:

o agro / a agra; o cesto / a cesta
o caseto / a caseta; o bolso / a bolsa

Outras veces o significado é diferente:

o pozo/ a poza; o froito ; a froita

Pra forma-lo *plural* empréganse tres *morfos*: *-S, -ES, Ø*. Existen diferencias, según as zonas, cando se trata das consoantes finais *-n, -l*. Existe por parte da Academia e mais do Instituto da Lingua Galega unha preferencia por formas coma: lacóns, xamóns, animais, papeis, cadrís.

3. Adxetivos. Os adxetivos posesivos van precedidos do artigo determinado: o meu fillo. Os adxetivos demostrativos e máis os indefinidos contraen coas preposicións *en* e máis *de*. Os adxetivos numerais presentan variación de xénero: dous / dúas; vintedous / vintedúas.

4. Pronomes.

4.1. Personais: É típico o pronome de *solidaridade*:

che, lle, vos: *éche* moi bo; non *lle* teño ganas

- a) Contraen coas preposicións *de* e máis *en* os de 3.^a persoa: *del / dela*; *nel / nela*.
- b) As formas *me, che, lle* seguidas dos pronomes oblicuos de obxecto directo *o, os, a, as* tamen contraen: *mo, ma, mos, mas*.
- c) As formas *che* e máis *te* son as formas átonas da persoa *ti* (2.^a) e teñen distinta función: *che* funciona coma obxecto indirecto e *te* coma obxecto directo. Como os usos son distintos que en castelán, podería servir como norma a seguinte: *te* emprégase sempre que o pronome funciona coma complemento directo; *che* emprégase cando o pronome funciona coma complemento indirecto; *olleite* na rúa; *quedache* de vir ás nove.
- d) As formas oblicuas colócanse nunha posición diferente, con respecto ó castelán:
 - 1) Nas *oracións simples* e na principal das subordinadas o pronome vai detrás do verbo: *fixonos* un traxe.
 - 2) O pronome vai antes do verbo cando:
 - A oración vai introducida por un adverbio: *tampouco nos* fixo gracia.
 - A oración vai introducida por unha conxunción negativa: *nin lles* fixo caso.
 - A oración vai introducida por un pronome indefinido, interrogativo ou exclamativo: *¿quen o* quere?
 - Se trata dunha oración desiderativa: *malo raio te* parta.
 - 3) Nas *oracións subordinadas* o pronome vai diante do verbo: *díxome* que non *lle* fixeras caso.
 - 4) Se se trata de perífrasis verbais, o pronome pódese pospoñer ó auxiliar ou ben ó auxiliado:

heino de facer / hei de facelo
estouno vendo / estou véndoo

- 5) Se o infinitivo ou o xerundio funcionan como subordinados, en usos non perifrásticos, os pronomes oblicuos que se lles refiran van sempre pospostos: é mellor deixalo.

4.2. Relativos: A forma *quen* é invariable e só se usa en singular. A forma *cuio* non debe empregarse.

5. Verbos. O sistema do verbo galego está composto por seis tempos no modo indicativo, *dous* no modo subxuntivo, dúas persoas no imperativo e as formas non personais xerundio, infinitivo e mais participio. Os tempos son todos simples (presente; imperfecto; p. perfecto; p. pluscuamperfecto, *cantara*; futuro e mais futuro hipotético). No subxuntivo só ten os tempos presente e mais pretérito imperfecto (o futuro case non se emprega).

Cómpre destaca-la presenza do infinitivo conxugado, con desinencias personais coma outras formas do verbo: Ø, *-es*, Ø, *-mos*, *-des*, *-en*: cantar, cantares, cantar, cantarmos, cantardes, cantaren. O infinitivo leva desinencias personais:

a) Cando ten un suxeto propio distinto do que leva o verbo principal:

era o día de marcharen (eles)
ó falares así, non fas ben (ti)

b) Cando vai introducido por unha preposición ou un elemento equivalente, aínda que teña o mesmo suxeto que o do verbo do que depende:

ó calaren, falou o home aquel

Como norma mais operativa poderíamos dicir que se usa o infinitivo personal sempre que se poida substituír por unha forma finita do verbo:

ó chegares, escribe = cando chegares, escribe

Os morfemas indicadores de persoa varían según os lugares; se se trata da segunda persoa do perfecto en singular o morfema é *-ches*, en plural recoméndase *-tes*:

falaches - falastes.

As *perífrases* verbais mais empregadas son:

a) *Ir* + infinitivo: indica un proceso futuro, no galego non leva preposición: vouvos contar un conto.

b) *Vir a + infinitivo*: indica unha acción que chega ó seu remate, pro cunha indicación a todo o proceso desenrolado até ese intre: *viñeron a saber*.

c) *Botarse a + infinitivo*: expresa comenzo da acción: *botouse a berrar*.

d) *Ter de + infinitivo*: expresa unha acción obligatoria: *teño de escribirlle*.

e) *Andar a + infinitivo*: expresa unha acción durativa: *andan a xogar ás bolas*.

f) *Estar a + infinitivo*: tamén expresa unha acción que se está a realizar: *está a agardar pola súa irmá*.

g) *Vir de + infinitivo*: indica accións rematadas: *viña de facelos deberes*.

h) *Ter + participio*: expresa unha acción rematada e reiterada: *temos visto moito deso*.

i) *Levar + participio*: expresa una acción rematada: *leva feitas moitas empanadas*.

6. Preposicións. As preposicións *con, de, en* contraen, coma xa temos sinalado, co pronome indefinido: *un, cunha, nunhas*. Os outros casos de contracción tamén se teñen sinalado (por exemplo co artigo, pronomes en xeral).

7. Partículas. A partícula comparativa *ca* seguida do artigo determinado tamén contrae: *có, cá, cós, cás*.

ANEXO NUMERO II
ESCOLMA DE TEXTOS
TEXTOS EN VERSO

OS CABRITIÑOS E O LOBO

¡Ai, o pobre cabritiño,
ascondido no relós!
Daquelles sete cabritos,
el soño se quedou...
Foi o lobo, ¡treidor lobo!
que usou de mil enganos
pra xantalos dun replón.
Mamá cabrita dá volta:
—¡Meus filliños, que xa estou!
(A casiña está valeira.
¡Como brinca o corazón!)
Pero, chouta o cabritiño
dende a caixa do relós:
—¡Non fun malo mamaciña!
Foi o lobo enganador,
que ós meus irmanciños
enteiriños se xantou...
¡Como lle pesa a barriga,
a aquel lobazo treidor!
Ó baixarse a beber
a corrente o arrastrou,
e nun remuíño de augas
no seu seo se afogou.
Pola campía beilaban
os cabritos que, por pedras,
mamá cabrita cambeou...

Dora Vázquez
(*Oriolos neneiros*)

NO FONDO DA MAR

No fondo da mar,
unha estreliña chora,
chora que te chora, chora
tola a chorar,
porque di que ela quixera
sair de alí, pra enredar.

No fondo da mar, ben sabe
que hai peixes e que hai
cangrexos,
e buguinas e corais,
e fadiñas da iauga,
e sereas de cristais.

A estreliña da mar,
quere fuxir e acadar
o lombo do arco das vellas

pra se pendurar;
unha raiola de sol
pra se quentar.

Un panalciño de mel,
un barco pra navegar,
unha cunchiña de nácrá,
unha areliña de sal,
unha estreliña do ceo
para con elas xogar.

Pura e Dora Vázquez
(*Oriolos neneiros*)

O GRILLO EMBETUNADO

O grilo embetunado
axexa, vixila.

Aserra unha palla,
rilla unha herbiña,
unha fiada de noite,
unha brillante fouciña
de lúa, ó pé dun farol,
unha pedriña da ponte,
unha raiola de sol.

—Gri... gri... gri... gri...

Presume de gran señor
e chámase príncipe. Ten
a letra nas azas. Canta,
canta moito e canta ben.

Canta o grilo, e rube a noite,
cantigas de trovador.
E faise dono do monte,
do día, do sol, da lúa,
da estrela, da forl, da fonte...

Pura e Dora Vázquez
(*Oriolos neneiros*)

O FOUCIÑO

—¿Eres cachiño de lúa?
¿Eres bocado de pan?
¿Eres espello precioso
que me estrelece na man?

—Soio afiado ferriño
de sega, malpocadiño.
Soio fouce que che brila
co sol, metal que castiga.
Soio ferramenta amiga,
meu neno... ¡Son o fouciño!

Pura e Dora Vázquez
(*Oriolos neneiros*)

Pasa río, pasa río,
Co teu maino rebulir;
Pasa, pasa antre as froliñas
Color de ouro e de marfil,
A quen cos teus doces labios
Tan doces cousas lle dis.
Pasa, pasa, mais non vexan
Que te vas ó mar sin fin,
Por que entonces ¡ai probiñas!
¡Canto choraran por ti!

Rosalía de Castro
(*Cantares gallegos*)

Miña Santiña,
Miña Santasa,
Miña cariña
De calabaza.
Hei de emprestarvos
Os meus pendentes,
Hei de emprestarvos
O meu collar;
Hei de emprestarcho,
Cara bonita,
Se me dependes
A puntear.

—Costureiriña
Comprimenteira,
Sacha no campo,
Malla na eira,
Lava no río,
Vai apañar
Toxiños secos
Antre o pinar.
Así a meniña
Traballadora
Os punteados
Deprende ora.

—Miña santiña,
Mal me quixere
Quen me aconsella
Que tal fixere.
Mans de señora,
Mans fidalgueiras
Teñen todiñas
As costureiras;

Boca de reina,
Corpo de dama,
Cómpreile a seda
Foxen da lama.

Rosalía de Castro
(*Cantares gallegos*)

Papiñas con leite
Tamén che darei,
Sopiñas con viño,
Torrexas de mel.

Patacas asadas
Con sal e vinagre,
Que saben a nocas,
¡Que ricas que saben!

Co son da gaitiña,
Co son da pandeira,
Che pido que cantes
Rapaza morena.

Cantaban os grilos,
Os galos cantaban,
O vento antre as follas
Runxindo pasaba.

Campaban os prados,
Manaban as fontes
Antre erbas e viñas,
Figueiras e robres.

Galicia frorida,
Cal ela nungunha,
De froles cuberta,
Cuberta de espumas.

Rosalía de Castro
(*Cantares gallegos*)

CARACOL

Caracol, col, col;
caracol, caracoleiro:
¡pon ós teus cornos ó sol
xa que eres tan frioleiro!

Ó lombo levas a casa,
caracol, caracoleiro:
¡e deixas cintas de seda
engalanando ó carreiro!

Caracol, col, col;
caracol, caracolón:
¡pon ós teus cornos ó sol
ó sol os teus cornos pon!

Manuel María
(*Os soños na gaiola*)

SEÑOR GATO

Señor Gato:
atención;
no rincón
hai un burato;
no burato
está o rato
caladiño,
acochadiño,
sin falar
nin respirar.

—Señor Gato,
pon sentido
que metido
no burato
está o rato.

—Señor Gato:
está o rato
no burato
do rincón:
¡ten nun puño
o corazón!

—Eu non dudo,
Señor Gato
bigotudo
que está o rato
no burato.
Ten as unllas
afiadas,
cravuñadas,
preparadas:
bule axiña
que sinón
Señor Gato

bigotón,
¡do burato
fuxe o rato!

Manuel María
(*Os soños na gaiola*)

A BONECA

A neniña está cosendo
un fermoso delantal.
¡Dá puntadas e puntadas
nun farrapo de percal!

A neniña está cosendo,
a neniña está bordando:
¡en cada puntada súa
un soño vai apreixando!

A boneca é unha espiga
de maíz, con pelo loiro.
¡A boneca hai que vestila
que non pode andar en coiro!

A neniña é moi probiña.
¡Cose, cose no retal:
a boneca hai que poñerlle
un fermoso delantal...!

¡A boneca é moi formosa,
mais fermosa nona hai!
¡A boneca fai de filla
e a neniña fai de nai...!

Manuel María

(*Os soños na gaiola*, Ed. Celta,
Lugo, 1972, 2.^a ed., pág. 47.)

TEXTOS EN PROSA

UNHA NOVA TERRA

O meu pai leva moito tempo lonxe, moi lonxe, a traballar nunha gran cidade. Agora mandou unha carta; di que vaiamos nós para estar xuntos dunha vez para sempre. ¡Estamos mais ledos! Pero a miña nai chora do mesmo xeito que cando papai marchou.

—¿Por que estás a chorar, mamá?

—Non sabedes que tamén se pode chorar de ledicia?

Eu decátome de que tamén chora porque imos deixa-la nosa aldea.

Viaxamos dous días enteiros dentro do tren. Ollamos moitos pequenos pobos, grandes pobos, montanas, ríos e moitas terras distintas.

¿De que maneira será unha cidade? ¿Como será esa terra nova a onde nós imos? ¿Teremos espacio para xogar coma na aldea? Mamai di:

—Sempre que haxa nenos haberá xogos.

—Moi ben, que boa cousa!

Papá agardaba na estación, ó cabo do noso viaxe.

¡Ei, papai! ¡aquí nos tés! ¡ei, ei!

¡Acó chegamos! ¡Acó, acó!

Papai e mamai e nós, todos en boa xuntanza. ¡Esto si que é ledicia, ho! Velaí a casa onde vivimos agora. E unha casa casoupa que papai mercou a uns paisanos, veciños da nosa aldea. Eles fóronse a vivir a unha casa das de verdade. Papai di que nós, se cadra, cando pase algún tempo, iremos tamén; eso o dixo o meu pai, e o meu pai sabe todo. Papai pregunta:

—¿Que me decidés vós?

—Que está moi ben, pero que moi ben. A casoupa é, pouco mais ou menos, o mesmo que a cova na que viviamos, na aldea. O que xa non sei é de onde son agora. Eu era da miña aldea, mais agora, ¿de onde son eu?

Papai e mamai leváronnos axiña á escola. Din que eso é o mais importante. Hai moitos nenos e andamos moi apertados. Eles son os nosos amigos, pero nós non falamos da mesma maneira. Aprendemos moito, xa coñecemos-lo Parque, o porto, a catedral, a montana, unha fábrica, e mais moitas rúas e plazas. Fixemos un plano da cidade. Coído que xa é a miña cidade. Mamai ben di aquí tamén podemos vogar.

—¡Agora vou eu! Ti xa esbarache moitas veces de seguido polo tobogán... ¡Déixame randear!

—¿E que non vou ir eu endexamais?

—¡Poñédevos á cola! ¡Á cola, á cola!

—¡Que ben se pasa xogando cós amigos! ¿Non si?

Arestora xa nos entendemos.

Estes xardíns están arredoados dunhas casas moi altas, ¡altísimas! na miña aldea non había casas así. Estas casas chámanse pisos. Algúns amigos meus viven aquí. Eu xa subín, góstanme eses pisos pois hai espacio para todo e tamén porque desergamos moitas cousas, outras cousas da cidade, dende a fiestra. Os meus pais solicitaron un piso, din que imos conseguilo mais terá que pasar algún tempo.

Pasaron moitos días. Para nós, os nenos, o tempo non foi longo porque aprendimos moitas cousas e xogamos e xa todos somos amigos. Para os nosos pais, ¡malpocados! foi moito mais do que pensaban, decotío a traballar, a aforrar.

¡Estamos todos moi contentos! E os veciños tamén, pois mais ou menos, vivían do mesmo xeito. Estamos ledos, facemos saúdos sin mais, arranxamos e colocamos cousas. Temos ganas de dar berros: ¡Hip, hip, hurra! ¡Conseguí-molo, conseguí-molo!

E eu agora xa sei de onde son:

Son desta cidade, son desta terra. Esta terra nova é a nosa, igual de nosa que das xentes que levan a vida nela.

A MARELA TARAVELA

No alboreo da mañán, a Marela abreu os ollos. Espreguizouse amodiño. Púxose de pé. Veu que todo. Veu que todo era novo darredor: as paredes, o estrume, a bufarra por onde entraba un retrinco de luz. «¿Estarei soñando?», dixo pra sí. Dempoís estarricou o fuciño, ergueu a barbadela e ceibou un bruído longo:

—¡Muuuuuuu!

Era coma un aturuxo mañanceiro. Con el, espertou de vez. E oúxose a cavi-lar. Así foi caíndo na conta de que estaba nunha corte nova. Nova pra ela,

craro. Na víspera leváranla á feira de Lestedo, onde a venderon. Tiña trocado de dono. Tan cansa chegou da andaina e tan abrouxada do feireiro, que se durmeu axiña. Agora ía recordando...

Cantan os galos. Un cadelo anda a ladrar vagorosamente. O día medra, e pola bufarra vanse enfiando unhas raiolas. Á Marela chéganlle tamén voces de xente. Logo, un taravelo que se move, a porta da corte que renxe, e un home de pé na soleira. É o mesmo que a mercou en Lestedo. Tras do home aparece Xuxo, un rapaz que fai preguntas.

- ¿É moi vella?
- Nin vella nin xuvenca —responde o pai.
- ¿Ten algún cuxiño?
- Non. Pero terao co tempo. Eso agardo.

Entran na corte. A Marela non se move. O home pásalle unha mao polo lombo e o rapaz acaríñalle a testa. Chega a muller da casa e algúns parentes e veciños. Todos ollan con curiosidade á forasteira, danile voltas e din que ten sido unha boa merca. «Xente agarimosa a desta aldea», matina a vaca.

Botáronlle no pesebre un feixe de trebo. Comeuno dapouco, saborexando cada folla. Non deixou miga. E pola tardiña, o home prendeuna polos cornos, como é uso, e saeu con ela eira adiante. Púxolle a corda nas maos ó rapaz, quen levou a pacer á Marela polas beiras do camiño.

—Non me cotes, laberca. Mira que che bouro coa xostra...

Tal decía o Xuxo trizando, facéndolle garatuxas no pescozo. E a Marela, anque xa era unha señora de respecto, sinteuse nova e tamén se botou a enredar. Abaneaba a testa, e entre un bocado e outro arrimáballe o fuciño ás canelas baduaba, querendosa, o seu «muu, muu, muuu».

Véndoa tan leda e brincadeira, o rapaz encamboulle un alcume pavelo: «Taravela». Á vaca non lle pareceu mal. Chistoulle que a tivesen comparado coa estangurriada barullenta que algúns poñen cerdeiras pra escorrentar paxaros.

Foi así. O Xuxo, mentras arranxaba un novelo coa punta da corda, faloulle desta maneira:

—Puxéronche Marela pola cor da túa pelaxe, ¿nonsí? Está ben. Pero eses cornos alongados e ese teu maino rosmar, merecen un segundo nome.

Colleu no roleiro unhas margaridas e botoullas pola testa abaixo.

—¡¡Taravela!!

A vaca deixou de pacer un instante, ollouno algo de través, con cara de quen ten pasado por moitas, e remoeu: «¡Coiro! ¡Que túzaro é este rapazolo!»

Así acabou aquel primeiro día. Voltaron polo anoitecer, con trouleo de grilos e morcegos. Novos carreiros, nova xente. Unha aldeia do trinque prá Marela.

X. Neira Vilas

(*A Marela Taravela*, Ed. Celta, Lugo, 1976, págs. 7-9.)

O ESPANTALLO

O tío Ramón de Reborneda ten unha figueira ó pé da casa. É a maior figueira da aldea. A que dá mellores figos lampos. Dinno tódolos veciños.

Pero o ano pasado deron coela os melros. E botáronse a peteirar figo por figo, coma se quixesen velo que había dentro de cada un. Andaban neso dende pola mañán. O fato medraba. E medraba tamén o algareo que facían a por de chñar.

Son paxaros moi teimosos. O tío Ramón veña de escorrentalos, e eles outra vez encertando figos. O día enteiro nese ir e vir, nesa troula belisqueira.

O tío Ramón, que é velliño e sábeas todas, unha mañán ollou prós melros e dixo, abaneando a cabeza:

—Xa está bo de tanto amolar. Acabóusevo-la festa. Ides ver.

Dito a feito. Colleu a machada e botouse pola eira adiante. Andivo a remexer nuns paus. Deseguida armou unha cruz atando cun bimbio dous casqueiros miúdos de pino manso. O casqueiro mais longo engaeulle por embaixo o rabo dun sacho. Aqueel esquelete, algo torto, foino cobrindo con palla centea. Cun melón alongado fíxolle a cabeza. Pero denantes de poñerlla, abreu coa navalla dous buratos prós ollos e un prá boca. Meteulle no lugar de cada ollo unha cereixa. E entre a palla do peito púxolle de corazón un pexego. Deu unha volta darredor del e sorreu. Dempois visteuno. E calzouno. Unha chaqueta mais un pantalón romendados, unha pucha, un par de zocos velios. Toda a ropa era negra, non sendo algúns romendos da chaqueta que tiñan diferentes cores.

Así naceu o Espantallo. De lonxe semellaba un home. Tamén hai homes que de lonxe semellan espantallos. E aínda poida que o sean.

—Agora veredes —dixo o tío Ramón, choscándolle un ollo ós melros.

Colleu nun brazado aquel boneco e pousouno na galla mais baixa da fi-gueira. Con trenlas e vimbios foino segurando ás ponlas. E alí o deixou.

Os melros fuxiron.

O tío Ramón foise pró cabo da eira. Dende alí ollou a facha do Espantallo e botou unha risada.

(Espantallo amigo)
X. Neira Vilas

O NIÑO DE RATOS

O outro día, cando saín da escola funme prá casa. Cando cheguei a ela díxome o meu abó:

—Vaime buscar un chisquiño de pan pra merendar.

Eu fun e cando estaba a colle-lo pan na maseira, ouvín como un canto de paxaro detrás da artesa. Entón fun axiña onda o abó e dixénlle o que me pasara e repostoume:

—Non che é o que ti pensas. Eche un niño de ratos.

Outra vez volvín a donde estaban os ratos e como non se vía ben, fun coller un foco á cocíña. Cando xa estaba de volta, empecei a buscar e non atopei ren. Volvín a mirar e remirar e por fin, nun cacharro vello, encontrei un rato e funme correndo prá cocíña con el dentro.

Unha vez alí, o rato escapou pro logo o volvemos a coller. Dempois, dentro da lata, topamos sete ratíños que aínda non abriran os ollos. Estaban nun niño feito de cordeles de ata-las chapurizas que á miña aboa lle tiñan faltado.

Tino Villasanín

O PEIXE DA FONTE DO XARDÍN

Onte morreu un peixe.

Era un peixe azul e roxo. Apareceu flotando no estanque da fonte do xardín. O garda colleuno e levouno a enterrar.

¡Pobre peixe!

Unha señora que vende naranxas, pavías, ameixas e mazás, decía:

—Foi un neno que lle pegou cun pau.

O garda, que ten uns bigotes moi grandes, mirou prós nenos e preguntou:
—¿Quen foi?

Cando parecía que lle ían botá-las culpas a un meniño louro que se chama Xavier e que é moi traste, apareceu o Leoncio.

Subiuse ó alto dun banco e pronunciou o seguinte discurso:

—Señor garda: Onte fixo moito calor. Estaba eu sentado aquí neste banco chando chegou un paxaro a beber. Viña tan canso que caiu desmaiado antes de chegar á fonte. No chan daba chiídos de dolor. Entón un peixe pegou un salto, saíu da fonte e colocouse debaixo do pico do paxaro, pra que este poidera bebé-las gotiñas de auga que resbalaban polo seu corpo azul e roxo. Ó sentí-lo fresquiño, o paxaro volveu en si e bebeu, pero cando acabou de beber, o peixe estaba morto. Eu mesmo collín o seu corpo e depositeino de novo na fonte.

O garda foise e xa non lle quixo botá-las culpas ó meniño loiro.

Os meniños aplaudíronlle ó Leoncio polo discurso e el, en recompensa, dírolles que algún día había inventar unha bomba que, ó estoupar deixaría caír xoguetes, caramelos e helados pra tódolos rapaces.

Carlos Casares
(A galiña azul)

O PATO QUE NON DECÍA QUÁ

Foi unha vez un pato que non decía quá, e seus amigos lle chamaban D. Quá-quá pra face-lo rabear. Certo día a cuadrilla de patos tivo unha xuntanza, pero o probe D. Quá-quá, que non fora, atopábase no lago. Perto del pasou unha formiga e díxolle:

—¿Que lle pasa, D. Quá-quá? ¿Por que chora?

D. Quá-quá, mirou pra ela e díxolle:

—¡Hola, amiguíña! ¿Onde vas?

—¡Vou pra casa do osiño rechoncho, pero como vos sentín chorar pareime pra mirar que lle pasaba!

—Non é nada, non é nada —dixo D. Quá-quá—. E que se me meteu unha palla nun ollo e como non podía quitala e dolíame o ollo me choraba un pouquiño.

A formiga coidou que o pato lle estaba a mentir.

—¡Pois, hasta logo!

A formiga foise matinando e ó chegar xunto do oso rechoncho díxolle:

—¡Oes! ¿Sabes unha cousa? ¡O vir pra tua casa atopeime con D. Quá-quá que estaba a chorar. Pregunteille o por que, e coido que non me dixo a verdá.

—Estaría triste —dixo o oso—. ¡Imos preguntarlle de novo!

—Vale.

Andando, andando, os dous amigos se atopan a cuadrilla de patos que saía da xuntanza.

—¿Onde ides tan apresada? —dixo un dos patos.

—Xunto D. Quá-quá que está moi triste —dixo o oso—. ¿Queredes ir con nos?

—Non. ¡Non queremos nada con él! ¡E un ser estrano! ¡Naide o entende! ¡Parece un estraterrestre!

A formiga dixo:

—¡Eu si o entendo!

—¡Pois non, non! ¡Non di quá, coma nos!

—Imos xuntos del e lle preguntamos.

Postos dacordo os patos, a formiga e o oso, marcharon ó lago. Alí estaba D. Quá-quá.

—D. Quá-quá —dixo a formiga—. ¿Por que non di quá, como o resto dos patos?

Todo preocupado se puxo a esplica-las cousas e di:

—Resulta que son extranxeiro. Na nosa terra non decimos quá, senón rucúa, rucúa.

Os patos lle pediron perdón, o admitiron nas xuntanzas e mailia non saber decir quá, lle preguntaron se quería dar clases da súa fala, ós patíños.

D. Quá-quá, cheo de ledicia, lles dixo que sí.

Ramona Barreiro

(*Vagalume*, núm. 21, maio, 1976)

ADIVIÑAS

Alto me vexo
naquel lugarexo;
que chova me neve
de aquí non me apexo.

Anda e non ten pés,
come e non ten boca,
canta comida lle dan
toda lle parece pouca.

Cando me ergo,
se é que me ergo,
érgome tarde
e déitome cedo.

Capela sobre capela,
capela de rico pano,
se non adiviñas hoxe
xa adiviñarás pró ano.

Catro gatos nun tellado,
cada un mira pra tres;
adiviña rapaciño,
¿cánta gatería é?

Chorín choraba,
atrás da torre andaba;
cando a torre caía
chorin calaba.

Cornos adiante,
ollos atrás;
se eres listo
adiviñarás.

Fala e non ten boca,
anda e non ten pés.
¿Que cousa é?

Non fala e ten boca,
non anda e ten pés.

Picos pra diante,
ollos pra detrás.
Non son as tixeiras,
logo, ¿que serán?

Polo camiño calada
e no monte canta atareada.

¿Que cousiña será pra adiviñar
que ten orellas coma o gato,
pés coma o gato,
rabo coma o gato,
ollos coma o gato
e gato non é?

O cuco

O cuco, cuco, cuqueiro
o cuco, cuco, cucón.
Madrugón e cantareiro
cantareiro e madrugón.

Oise pola carballeira
ó vello cuco souril
ó nacer a primaveira
ante o marzo i o abril.

Polas mañás Ben cediño
o cuco canta: cu-cu.
¡Como o teño por veciño
eu trato o cuco de tú!

Letra: **Manuel María**
Museca: **Suso Vaamonde.**
Disco: **Nin rosmar un lai-**
do. Suso Vaamonde.

ANEXO NUMERO III

BIBLIOGRAFIA

a) DICIONARIOS

- ELADIO RODRIGUEZ GONZALEZ, *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Editorial Galaxia.
X. LUIS FRANCO GRANDE, *Diccionario galego-castelán*. Editorial Galaxia.

b) LIBROS CONSULTA PRÓ MESTRE

- COLECTIVO, *Textos pra o ensino do galego*. Editorial Edicións do Rueiro.
RICARDO CARBALLO CALERO, *Gramática elemental del gallego común*. Editorial Galaxia.
INSTITUTO DE LA LENGUA GALLEGO, *Gallego 1, 2 y 3*. Santiago de Compostela.
AMABLE VEIGA ARIAS, *Fonología galega*. Editorial Bello.
VERBA, *Anuario gallego de filología*. Universidad de Santiago de Compostela.
RICARDO CARBALLO CALERO, *Historia da literatura galega contemporánea*. Editorial Galaxia.
F. FERNANDEZ DEL RIEGO, *Historia da literatura galega*. Editorial Galaxia.
JUAN JOSE MORALES ALVAREZ, *A lingua galega hoxe*. Editorial Galaxia.
RAMON CABANILLAS, *Cancioneiro popular galego*. Editorial Galaxia.
ROSALIA DE CASTRO, *Cantares gallegos*. Editorial Gali.
CENTRO DE ESTUDIOS FINGOY, *Contos populares da provincia de Lugo*. Editorial Galaxia.

c) METODOS DE ENSINO DO GALEGO

- XOAN BABARRO Y OTROS, *Picariños*. S. A. Casals.
JOSEP TIO Y OTROS, *O castelo de irás e non tornarás*. Edicións S. A. Casals. Barcelona.
BEN-CHO-SHEY, *Catón galego*. Edicións do Castro, 1969.
XOAN BABARRO, *As nosas letras*. Editorial Casals.
— *Vagalume, revista infantil e xuvenil*.

d) LIBROS DE LECTURA PRA NIVEIS ELEMENTAIS

- X. NEIRA VILAS e ANISIA MIRANDA, *Cantarolas e contos pra xente miúda*. Editorial Akal.
— *Desplega velas*. «Polo mar van as sardiñas» e demais tíduos da colección. Editorial Galaxia.
MANUEL MARIA, *Os sonhos na gaiola*. Editorial Celta.
JOSE NEIRA VILAS, *A Marela Taravela*. Editorial Celta.
— *Espantallo amigo*. Editorial Celta.
XOAN CARLOS ARIAS, *Carliños e o abó*. Editorial Galaxia.
ARCADIO LOPEZ CASANOVA, *O bosque de ouriol*. Editorial Galaxia.
EMILIO GREGORIO FERNANDEZ, *Miúdo e a compañía dos grilos*. Editorial Galaxia.
LAUREANO PRIETO, *Contos pra nenos*. Editorial Galaxia.
BERNARDINO GRAÑA, *O león e o páxaro rebelde*. Editorial Galaxia.
COPIACION DE CONTOS POPULARES, *O lobo e o raposo*. Editorial Galaxia.
MARIA VICTORIA MORENO MARQUEZ, *Mar adiante*. Editorial Edicións do Castro.
EDELMIRA CACHEDA OTERO, *Contos de nenos*. Editorial Everest.
— *Don Gaifar e o tesouro*. Editorial Galaxia.
CARLOS CASARES, *A galiña azul*. Editorial Galaxia.
COLECCION «A GALEA DE OURO», *O globo de papel*. Editorial Galaxia.
— *O abeto valente*. Editorial Galaxia.
PURA e DORA VAZQUEZ, *Oriolos neneiros*. Editorial La Región.

PARTE II

**ORIENTACIONES PARA LA ENSEÑANZA
DEL GALLEGO EN LOS NIVELES DE
PREESCOLAR, PRIMERO Y SEGUNDO DE E. G. B.**

1. INTRODUCCION

Para la elaboración de este documento de trabajo se parte de la situación sociolingüística de Galicia, en donde, por existir dos lenguas en contacto, es difícil precisar los límites entre bilingüismo, falso bilingüismo, monolingüismo y/o diglosia.

Dada la diversidad respecto a niveles de competencia y actuación lingüística de los alumnos, ya que en una misma clase se producen situaciones diferentes en cuanto al conocimiento del idioma gallego, se ha creído conveniente estructurarlo con carácter global para Preescolar, Primero y Segundo cursos de E. G. B.: por ello deben considerarse estas orientaciones con gran flexibilidad para adaptarlas a las características concretas de cada realidad escolar.

De acuerdo con este criterio se presentan:

OBJETIVOS, generales y básicos para este ciclo preparatorio que puede alcanzar un alumno en un medio en que coexisten dos lenguas.

ESTRUCTURAS, que al finalizar este ciclo el alumno puede manejar a nivel oral en todos los casos, y a nivel escrito en función del conocimiento de la primera lengua.

DIRECTRICES METODOLOGICAS, como planteamiento previo a la enseñanza.

ACTIVIDADES, de aprendizaje que consideramos típicas y que se ordenan de menor a mayor complejidad, a fin de que puedan ser utilizadas de acuerdo con la madurez, desarrollo lingüístico y años de escolarización del alumno, independientemente del nivel a que pertenezcan.

Por otra parte, se ha creído conveniente presentar un anexo en el que se incluyen:

a) **RASGOS** que caracterizan al gallego frente al castellano y que han sido elaborados en función de las estructuras lingüísticas que el alumno maneja en estos niveles.

b) **TEXTOS**, muy elementales y de fácil comprensión.

c) **RESEÑA BIBLIOGRAFICA**.

* * *

Este documento se presenta a modo de hipótesis de trabajo, para ser contrastado y enriquecido con investigaciones operativas, puesto que para la adecuada incorporación de la lengua gallega en la E. G. B. se precisa tener en cuenta, además, determinadas variables; como más significativas:

- Actitudes hacia la lengua por parte del profesor.
- Estimación social de la lengua.
- Formación del profesorado.
- Metodologías específicas a emplear.
- Tiempos destinados al aprendizaje del/en gallego.
- Integración en el currículum.
- Y conexiones e interferencias entre los dos códigos lingüísticos.

2. OBJETIVOS

Para formular los objetivos específicos del aprendizaje de la lengua gallega, que el profesor puede proponerse y el alumno de 2.º nivel está en condiciones de alcanzar, se considera, por una parte, el resultado de los estudios sobre psicolingüística y, por otra, la problemática actual en torno a niveles reales de aprendizaje de la lengua y sus dificultades, contrastadas durante varios años por profesionales que imparten la E. G. B. en el medio rural.

Hay que tener en cuenta, asimismo, que los objetivos de la enseñanza de la lengua no se pueden deslindar de los objetivos generales de todo el hacer escolar; y los objetivos de la enseñanza de una lengua cuando coexiste con otra a nivel de funcionalidad tampoco se pueden separar, ya que se dan múltiples interrelaciones e interferencias.

Si bien existen estas implicaciones, para facilitar el campo de referencias del profesor se proponen para este ciclo los objetivos siguientes:

- Desarrollar la capacidad para comprender y emplear la lengua gallega en una diversidad de situaciones y propósitos cada vez más definidos.
- Pronunciar con exactitud, naturalidad, ritmo y entonación.
- Desarrollar la capacidad de captar y expresar los modos de expresión más característicos de la lengua gallega como producto de una forma de vida y cultura: paralenguaje.
- Adquirir progresiva confianza para hablar.
- Crear actitudes positivas hacia la lengua gallega.

Que se especifican en sus diversos aspectos:

2.1. COMPRESION Y EXPRESION ORAL

2.1.1. Desarrollar la capacidad de escuchar y comprender la lengua gallega.

- Comprender y responder adecuadamente a órdenes e instrucciones orales referentes a acciones de la vida diaria.

- Seguir sencillas instrucciones dramatizadas en las que se expresen hechos reales y fantásticos.
- Comprender frases en las que aparezcan palabras y estructuras manejadas con anterioridad.
